3.- Requirir ao Concello de Poio para que faga unha proposta de ubicación ao Goberno central, no seu termo municipal, para a construción da EDAR de Raxó e Samieira, que evite que augas residuais do Concello de Poio se sigan vertendo sen depurar na Ría de Pontevedra, instándoo asimesmo a negociar co goberno central a licitación e construción da devandita depuradora no prazo máis breve posible

4.- Sobre a base dos plantexamentos dos técnicos, abordar a necesidade da ampliación da depuradora dos Praceres, mantendo canles de diálogo coas administracións e axentes implicados, de cara a minimizar os posibles impactos ambientais e sociais, e tendo en conta o risco que podería supoñer non ampliar a depuradora actual sobre a cualificación marisqueira da ría, así como sobre o expediente sancionador aberto pola Unión Europea".

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/11/2018 09:57:10

Jacobo Moreira Ferro na data 09/11/2018 09:57:27

Martín Fernández Prado na data 09/11/2018 09:57:56

Jaime Castiñeira Broz na data 09/11/2018 09:58:07

Marta Novoa Iglesias na data 09/11/2018 09:58:33

María Julia Rodriguez Barreira na data 09/11/2018 09:58:46

Gonzalo Trenor López na data 09/11/2018 09:59:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:00
Nº Rexistro: 40005
Data envio: 09/11/2018 10:00:04.405

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 09/11/2018 09:59:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40008
Data envio: 09/11/2018 10:14:47.884

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Todo parece indicar que o Reino Unido, convértese no primeiro estado na historia da Unión Europea que abandona a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Tense aberto un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que está sendo longo, complexo e intenso.

Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión e o Reino Unido, tódolos países están desenvolvendo estratexias que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos en moitos ámbitos da vida económica e social.

A resposta do goberno de España baixo a presidencia de Mariano Rajoy, foi de decepción na opinión do Grupo Socialista. Si ao propio "Brexit", engadimos un contexto xeopolítico que se ten alterado notablemente dende 2016 ata a actualidade, debido ao repunte do proteccionismo, especialmente no propio Reino Unido e nos Estados Unidos, a situación tórnase aínda mais complexa; ao que se engaden os problemas en Rusia, Turquía ou América Latina, onde os intereses económicos españois son moi fortes.

De feito, "pouco máis do 30 % das empresas españolas teñen plans de continxencia, segundo un informe publicado por KPMG xa en marzo deste ano. Ao Goberno presidido por Pedro Sánchez preocúpalle que o outro 70 % das empresas non este tendo en conta que o Brexit terá un impacto nas súas relacións comerciais co Reino Unido, e que dependendo do tipo de acordo ao que se chegue, moitas sufrirán os efectos nas súas áreas financeiras, fiscais, legais e nos seus modelos de negocio e cadeas de subministro.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40008
Data envio: 09/11/2018 10:14:47.884

Neste contexto as posicións das comunidades autónomas deberían de poder influír notablemente na posición definitiva que España defenda na negociación da Unión Europea. Ata o de agora, xa case fai un ano, en decembro de 2017, coñeceuse un documento titulado *Análise do impacto do Brexit en Galicia*. Se ben na introdución do mesmo se reclama a necesaria prudencia nesta análise prospectiva, e se fala da necesidade de ir actualizándose conforme as propostas e acordos que se vaian acadando durante as negociacións do proceso.

O documento insta a posicionarse xa en 2018 en diversos eidos, un dos cales sería o reforzo dos servizos de apoio as empresas, especialmente as Pemes, propoñendo medidas de adaptación á nova realidade en cada ámbito empresarial. Sen embargo, mais alá da propaganda no momento de facerse público, os avances coñecidos son practicamente inexistentes.

Posteriormente o CES (Consello Económico e Social de Galicia) ven de publicar un novo diagnóstico que completa a información dispoñible. Pero lamentablemente as suxestións recollidas neste análises de prospectiva non aparecen recollidas nas accións política do goberno da Xunta de Galicia, sen ir máis lonxe, nos orzamentos para 2019, recentemente presentados, as referencias concretas a esta cuestión son inexistentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Desenvolver un programa específico de apoio as empresas galegas, nomeadamente as Pemes, para a elaboración de plans de continxencia ante os diversos escenarios do Brexit.

2. Poñer en marcha un diagnóstico transversal, centrado sobre todo nas Pemes, e que abranga os ámbitos financeiros, laborais e de innovación, sobre os impactos que o “Brexit” terá na actividade empresarial de Galicia.

3. Desenvolver unha campaña informativa sobre as consecuencias da saída do Reino Unido dirixida especialmente as Pemes, onde se informará sobre medidas e plans de continxencia dependendo do sector ao que pertenzan.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40008
Data envio: 09/11/2018 10:14:47.884

4. Establecer liñas específicas de colaboración co goberno de España a hora de desenvolver estas iniciativas.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2018 17:52:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 17:52:40

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/11/2018 17:52:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2018 17:52:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 17:52:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:45
Nº Rexistro: 40021
Data envio: 09/11/2018 11:45:02.244

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

Galaria SA é a actual herdeira do antigo MedTec (Instituto Galego de Medicina Técnica SA). Unha empresa nacida para asesorar en torno ás innovacións e tecnoloxías sanitarias.

Con todo, en seguida ampliaron o seu cometido, iniciando a provisión directa de servizos sanitarios que podería proporcionar o Servizo Galego de Saúde, privatizando moitos destes servizos como por exemplo a atención telefónica.

Outro dos servizos que é fonte de conflito respecto en Galaria, pero que xa o foi no antigo MedTec, é aquel que deriva das técnicas en radioloxía, concretamente da técnica máis avanzada que é a Resonancia.

As radiólogas e radiólogos do CHUVI, levan máis de dúas décadas reclamando o acceso a esa técnica e concretamente a integración orgánica das Resonancias no servizo de radiodiagnóstico da EOXI de Vigo, todo con base en argumentos relacionados co deterioro da calidade asistencial ao producirse duplicidades nas probas ou retraso nos diagnósticos e tratamentos, ademais da vulneración de dereitos no desempeño da especialidade e o desenvolvemento profesional, xunto cunha duplicidade de estruturas de xestión para o mesmo servizo.

Pero a pesar destas circunstancias denunciadas, o Xerente do Servizo Galego de Saúde, levou a cabo a aprobación dun Plan, que lonxe de poñer algún tipo de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:45
Nº Rexistro: 40021
Data envio: 09/11/2018 11:45:02.244

solución ao conflito, agrava a situación, posto que ademais das consideracións xurídicas denunciadas polas profesionais, como a falta de competencia do xerente para dito plan, deixa en mans de Galaria, que unicamente conta con 10 radiólogos, o 65% das Resonancias e o control e organización das citacións, mentres que as 45 profesionais especialistas en radioloxía do CHUVI, so teñen acceso ao 35%.

A Resonancia é un paso intermedio dentro do conxunto de estudos nun proceso de diagnóstico e a súa indicación debe partir dunha persoa experta en todas as técnicas de imaxe dunha determinada área anatómica, como acontece no resto de Hospitais das mesmas características dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo a integración orgánica das Resonancias Magnéticas de Galaria no servizo de radiodiagnóstico da EOXI de Vigo.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:45
Nº Rexistro: 40021
Data envio: 09/11/2018 11:45:02.244

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Eva Solla Fernández na data 09/11/2018 11:34:53

Luis Villares Naveira na data 09/11/2018 11:35:00

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:46
Nº Rexistro: 40023
Data envio: 09/11/2018 11:46:01.355

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

A Fibromialxia, o Síndrome de Fatiga Crónica ou Encefalomielitis Miálgica e a Sensibilidade Química Múltiple, son enfermidades diferentes pero cunha forma de presentación e síntomas similares de diagnóstico clínico. As tres, son enfermidades de causa descoñecida, crónicas e sen cura na medicina actual que teñen efectos invalidades para o traballo e as tarefas cotiás, polo que resultan extremadamente negativas na esfera laboral, social, familiar e económica de quen as sofren. Os tratamentos actuais limítanse con escaso éxito a aliviar os síntomas de destas patoloxías.

Tanto a Fibromialxia como o Síndrome de Fatiga Crónica ou Encefalomielitis Miálgica, afecta especialmente ás mulleres en proporcións que van dende 21 mulleres por cada home no caso da fibromialxia e 9 mulleres por cada home no caso do Síndrome de Fatiga Crónica ou Encefalomielitis Miálgica.

A Fibromialixa é unha enfermidade que se caracteriza pola dor crónica que as persoas que a padecen, sofren en diferentes partes do aparato locomotor. Presentan con frecuencia unha hipersensibilidade á dor que se manifesta ao facer presión en múltiples puntos do corpo. Ademais da dor, outros síntomas que acompañan comunmente á enfermidade son a fatiga intensa, alteracións do sono, parestesias en extremidades, depresión, ansiedade, rixidez articular, cefaleas e sensación de tumefacción nas mans. Á complexidade da enfermidade, é común que se engadan os efectos secundarios dos medicamentos cos que se trata e moi frecuentemente, da presencia de outras patoloxías.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:46
Nº Rexistro: 40023
Data envio: 09/11/2018 11:46:01.355

Dende o ano 1992, a Fibromialxia está recoñecida como enfermidade pola Organización Mundial da Saúde, sendo clasificada dentro dos reumatismos co código M79.7 na Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-10). Estimase que en España afecta ao 2,4% da poboación xeral maior de vinte anos, o que supón en números absolutos unhas 7000.000 persoas, a inmensa maioría mulleres de mediana idade. Entre o 10% e o 17% das persoas que sofren a enfermidade, presentan unha forma severa da mesma.

O Síndrome de Fatiga Crónica ou Encefalomielitis Miálgica é unha enfermidade neurolóxica grave, complexa e debilitante, caracterizada por unha fatiga intensa, tanto física como mental, que non remite tras o repouso e empeora coa actividade física ou mental. Ademais, é común que acompañen á enfermidade síntomas como debilidade nas pernas, dores musculares e articulares, deterioro da memoria e concentración, intolerancia aos olores, insomnio e unha lentísima recuperación dos esforzos. Atópase clasificada co código G93.3 na Clasificación Internacional de Enfermidades da OMS.

A Sensibilidade Química Múltiple é un conxunto de síntomas e signos de etioloxía descoñecida á que se lle atribúe unha orixe multifactorial e está asociada á exposición previa a sustancias que se atopan no medio ambiente en concentracións toleradas pola maioría da poboación. A súa sintomatoloxía caracterízase por unha ampla heteroxeneidade na súa gravidade e curso evolutivo, o que fai moi difícil o diagnóstico diferencia con outras enfermidades multisistémicas. Os síntomas máis frecuentes son os do aparato dixestivo, cardiovascular, pel e os relacionados coa saúde mental. As persoas afectadas por esta enfermidade, ven mermada a súa calidade de vida dun xeito significativo, chegando incluso ao illamento social nun intento de reducir as exposicións ás sustancias desencadeantes do deterioro físico e psicolóxico.

A falta de información sobre todas estas enfermidades, provoca que en moitos casos as persoas que sofren estas enfermidades non atopen compresión no seu

entorno, en especial no marco das relacións laborais, o que engade sufrimento a unhas patoloxías que xa de por si son complicadas.

A esta incomprensión, incluso por parte de profesionais sanitarios, súmase a falta de apoio das institucións públicas, xa que hoxe en día estas persoas teñen que afrontar moitas trabas burocráticas á hora de conseguir o recoñecemento dun grao de minusvalía, solicitar axudas a dependencia ou solicitar prestacións económicas derivadas dos distintos graos de incapacidade permanente.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Potenciar a implantación e actualización no Sistema Sanitario Público, con base na mellor evidencia dispoñible, e na maior brevidade posible, do Proceso Asistencia Integrado, mantendo o obxectivo de seguir avanzando na formación de equipos multidisciplinares de atención a persoas con estas patoloxías, quedando rexistrado de forma específica, de xeito que garanta a continuidade asistencial entre os niveis de atención hospitalaria e os centros de saúde, garantindo que todas as persoas con estas enfermidades conten cunha atención integral fronte ao seu problema de saúde.
- Apostar de modo decisivo pola investigación destas enfermidades fomentando a formación de grupos de investigación sobre estes problemas de saúde, especialmente introducindo a perspectiva de xénero e o análise de sexo como variables, tanto no proceso de investigación como na práctica sanitaria e impulsando, a formación das e dos profesionais sanitarios sobre estes temas.
- Aumentar a colaboración coas asociacións que realizan o seu traballo no ámbito destas enfermidades.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:46
Nº Rexistro: 40023
Data envio: 09/11/2018 11:46:01.355

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Instar ao Goberno do Estado para que inicie as accións necesarias para levar a cabo o recoñecemento destas enfermidades como enfermidades crónicas e incapacitantes.
- Levar a cabo a creación de unidades de referencia formadas por equipos multidisciplinares que sirvan de referencia para a atención das persoas enfermas nestas patoloxías.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/11/2018 11:36:06

Luis Villares Naveira na data 09/11/2018 11:36:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40044
Data envio: 09/11/2018 14:12:37.674

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e do seu deputado Marcos Cal Ogando, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

O Lindano, segundo a Organización Mundial da Saúde, é un canceríxeno de tipo 1 que foi fabricado pola compañía Zeltia durante moitos anos, nunha planta situada no polígono de Torneiros, no concello do Porriño. Estímase que máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica, foron vertidos na zona e outros puntos da rexión, empregando unha parte deste compoñente químico como material para o arranxo de estradas, orixinando diferentes focos de contaminación.

As diferentes Administracións, fai moitos anos que teñen constancia do problema de saúde pública e medioambiental que sofre o concello do Porriño e que xa se estende a mais concellos da contorna, pero a coordinación entre Administracións na procura de medidas respecto do problema seguen sen chegar, pese a que dende a Comisión Europea se traslada que existen medios dispoñibles para que as Administracións autonómicas afectadas planifiquen estratexias respecto ao saneamento do chan e a eliminación de Lindano, pero é a Xunta de Galicia a que ten que tomar a iniciativa e solicitar a colaboración da Comisión, tal e como se está levando a cabo por outras Administracións como a de Aragón.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40044
Data envio: 09/11/2018 14:12:37.674

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar, en colaboración co resto de Administracións competentes, a retirada e recuperación das zonas afectadas polos residuos de Lindano, no Concello do Porriño, fundamentalmente no polígono de torneiros, un plan que teña en conta os seguintes aspectos:

- A colaboración e participación no Plan, de persoas profesionais espertas nas materias obxecto do Plan.
- O acceso a Fondos e Proxectos Europeos tales como o LIFE SURFING ou os Fondos de desenvolvemento Rexional.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/11/2018 14:05:22

Marcos Cal Ogando na data 09/11/2018 14:05:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40044
Data envio: 09/11/2018 14:12:37.674

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 09/11/2018 14:05:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 10:44
Nº Rexistro: 40062
Data envio: 12/11/2018 10:44:34.540

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª,** relativa aos bens inmatriculados pola Igrexa.

Exposición de motivos

O ano pasado aprobouse no Congreso dos Deputados unha Proposición non de lei que instaba ao entón goberno popular a reclamar os bens inmatriculados pola Igrexa católica que non podían xustificar o seu uso ou a súa propiedade eclesiástica. A iniciativa foi presentada pola primeira forza da oposición, o Partido Socialista, e solicitaba una relación exhaustiva dos bens inmatriculados pola igrexa cando a institución só precisaba da firma do bispado para poñer os inmobles ao seu nome.

Recentemente, o Ministerio de Xustiza, agora do PSOE, confirmou que publicará o listado dos bens inscritos pola Igrexa. Non obstante, o Goberno só prevé difundir os inmobles inmatriculados a partir de 1998, data na que Aznar impulsou unha reforma que ampliaba os privilexios da institución eclesiástica á hora de reclamar propiedades. Cómpre recordar que a Igrexa leva empregando o proceso de inmatriculación dende 1946, grazas a unha Lei Hipotecaria franquista que tiña por obxecto “compensar” aos bispos pola nacionalización de bens levada a cabo polo Goberno de Niceto Alcalá Zamora en 1931.

Estímase que dende 1998 a Igrexa inscribiu ao seu nome uns 4.500 bens inmobles de diversa índole: cemiterios, pisos, terreos, hortas, parroquias e incluso catedrais. Malia o impresionante da cifra, apenas é o 10% das

propiedades inscritas polos bispos dende os anos 40. Entón, por que o PSOE se centra só nas apropiacións posteriores a 1998? Porque así o recollía a súa iniciativa, na que instaba ao Goberno a solicitar ao Colexio de Rexistradores da Propiedade "unha relación de tódalas inmatriculacións levadas cabo por vía do artigo 2006 da Lei Hipotecaria, que foi derrogado pola Lei 13/2015, do 24 de xuño, de Reforma da Lei Hipotecaria, dende 1998 ata a citada derrogación". Non obstante, dada a situación, isto é manifestamente insuficiente. Tódolos bens inmatriculados pola Igrexa teñen que ser públicos e obxecto de escrutinio, entre outras razóns porque as catedrais, museos, bens de interese cultural, cemiterios... continúan sendo financiados polas arcas públicas mediante acordos coas administracións locais, provinciais, rexionais e estatais, que se encargan de aspectos como a iluminación dos templos, a súa restauración e a súa seguridade. Todos pagamos, pero o único beneficiario da súa explotación é a Igrexa.

Entre os bens inmatriculados pola Igrexa destacan a Catedral de Valladolid, a catedral e a Giralda de Sevilla, a catedral do Bo Pastor de Donostia, a catedral de La Seo e a Igrexa da Magdalena en Zaragoza, a Catedral de Granada, a Catedral de Jaca ou a Catedral de Málaga.

O caso da Giralda é paradigmático do negocio inmobiliario da Igrexa católica. Foi inmatriculada por 30 euros, pero anualmente recibe un millón de visitantes e ingresa máis de 9 millóns.

Por se isto fose pouco, a Igrexa tamén conta con terreos, locais e edificios, que non son empregados para liturxia ningunha, e que vende cando entende que precisa máis cartos. Un negocio redondo. A todo isto hai que sumar os 11.000 millóns que, segundo Europa Laica, percibe a Igrexa de fondos públicos todos os anos a través dos concertos cos colexios católicos, da financiación de centros

sanitarios, sociais ou militares que permanecen baixo a súa xestión, do IRPF, etcétera.

A publicación da lista de bens inmatriculados é de particular relevancia porque, cando se produza, os afectados –tanto concellos como particulares– poderán recorrer a titularidade dos inmobles.

A necesidade de revisar as inmatriculacións non é unha ocorrencia dun grupo parlamentar, senón que conta cun amplo consenso, dentro e fora das nosas fronteiras. O ano pasado o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos sentenciou que unha inmatriculación realizada pola Igrexa era nula e condenou ao Estado a pagar unha indemnización de 600.000 euros por permitila. Sería bo que o Goberno do Estado tomase nota e actuase en consecuencia, anticipándose e evitando futuras multas e chamadas de atención.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado que publique a lista completa de bens inmobles inscritos pola Igrexa católica dende os anos 40.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 10:44
Nº Rexistro: 40062
Data envio: 12/11/2018 10:44:34.540

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/11/2018 10:39:55

Luca Chao Pérez na data 12/11/2018 10:40:04

Luis Villares Naveira na data 12/11/2018 10:40:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envio: 12/11/2018 11:13:48.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Pleno do Parlamento galego, na sesión do día 8 de abril de 2008, aprobou a proposición de lei orgánica, para presentar perante a mesa do congreso dos deputados, de transferencias a Galiza en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

Segundo o texto do acordo, esta transferencia contribuiría directamente á mellor e máis diferenciada atención a unha realidade específica galega, baseada no espallamento da poboación, nas características singulares da súa rede viaria e mais nas propias condicións orográficas e climáticas.

Velaquí o articulado da lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envio: 12/11/2018 11:13:48.288

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 1. Transferencia de competencias de execución.

Transfírenselle á Comunidade Autónoma de Galicia as facultades de execución da lexislación do Estado en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, agás as seguintes:

a) A facultade para expedir, revisar e trocar os permisos e licenzas para manexar vehículos de motor e ciclomotores, así como a súa anulación, intervención e revogación.

b) A matriculación e expedición dos permisos ou licenzas de circulación, así como a súa anulación, intervención e revogación e, pola súa consecuencia, a autorización de transferencias, duplicados e baixas de vehículos de motor e ciclomotores e mais a expedición de permisos temporais.

Artigo 2. Traspaso de servizos.

O exercicio das competencias transferidas será asumido pola Comunidade Autónoma cando teña efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e financeiros precisos, formalizado por medio de acordo da Comisión Mixta de Transferencias e do correspondente real decreto de traspaso de servizos.

2. A citada proposición de lei foi sometida a debate de toma en consideración polo Congreso o 7 de abril de 2010. O resultado da votación foi de

130865

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envio: 12/11/2018 11:13:48.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rexeitamento da toma en consideración, cos votos en contra do PSOE e a abstención do PP. Votaron a favor, ademais do BNG, o PNV, CiU e ERC-IU-ECV.

3. Por outra parte, no ano 2007 o parlamento galego aprobou a Proposición de lei de policía de Galiza, que prevía que o novo corpo tería competencias no ámbito da seguridade cidadá e exercería as función de policía administrativa e xudicial.

Un dos obxectivos desta lei era que a policía galega asumise as competencias en materia de tráfico e seguridade cidadá, para que era necesario dar luz verde ás transferencias a Galiza neste eido.

En canto ás súas funcións, aparecen recollidas no artigo 15:

Artigo 15. Funcións.

1. O Corpo de Policía de Galicia, consonte o artigo 5 desta lei, exercerá as seguintes competencias e funcións:

a) No ámbito de seguridade cidadá:

1.º A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.

130866

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envio: 12/11/2018 11:13:48.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.º Prestar auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública e participar na

execución dos plans de protección civil na forma en que se determina nas leis.

3.º Prestar auxilio nas actuacións en materia de salvamento, se é requirido para iso.

4.º As demais funcións legalmente atribuídas, especialmente:

-Protexer as persoas e os bens.

-Manter a orde pública, de acordo co ordenamento xurídico.

-Vixiar os espazos públicos.

-Protexer e colaborar nas manifestacións e manter a orde pública nas grandes concentracións humanas cando fose requirido para iso.

-Prever a comisión de actos delituosos e intervir cando fosen cometidos.

-Intervir na resolución amigable de conflitos privados se fose requirido.

-Cumprir as funcións de protección de seguridade cidadá atribuídas ás forzas e corpos de seguridade pola Lei orgánica 1/1992.

b) No ámbito de policía administrativa:

1.º Velar polo cumprimento das leis e disposicións do Estado aplicables en Galicia e garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

130867

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envio: 12/11/2018 11:13:48.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.º Velar polo cumprimento das leis de Galicia e das normas, disposicións e actos emanados das demais institucións e órganos da Comunidade Autónoma, mediante as actividades de investigación, inspección e denuncia, e a execución forzosa das súas resolucións.

3.º A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma de Galicia, denunciando toda actividade ilícita.

Na execución deste tipo de funcións prestarase especial atención a:

-Velar polo cumprimento da normativa vixente sobre medio ambiente, recursos mariños, caza, gandaría, saúde pública, incendios forestais, pesca fluvial, ordenación urbanística, protección de camiños, costas e asuntos marítimos, transporte e contaminación acústica.

-Velar polo cumprimento da normativa sobre o patrimonio histórico e cultural galego para evitar o seu espolio ou destrución e para garantir a súa salvagarda e protección.

-No marco das funcións que lle atribúa a normativa específica, vixiar e controlar o cumprimento da lexislación vixente en materia de xogo e de espectáculos.

4.º Vixilancia e control do tráfico nas vías interurbanas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

130868

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envio: 12/11/2018 11:13:48.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.º Vixiar, inspeccionar e controlar as empresas de seguridade privada, os seus servizos e actuacións e os medios e persoal ao seu cargo, nos termos establecidos na lexislación vixente.

6.º Informar, asistir e orientar os cidadáns.

7.º Colaborar coas institucións públicas de protección e tutela de menores na consecución dos seus obxectivos, de conformidade coa lexislación civil, penal e penitenciaria do Estado.

8.º Colaborar coas institucións públicas e privadas de protección e tutela da inmigración e con aqueloutras que teñan como obxectivo previr e evitar calquera forma de marxinación.

9.º Colaborar coas institucións públicas de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

10.º As demais funcións que lle atribúa a lexislación vixente.

c) No ámbito de policía xudicial, aquelas funcións que lle correspondan de acordo co establecido no artigo 126 da Constitución, na Lei orgánica do poder xudicial e na restante normativa vixente.

2. As funcións enumeradas no punto anterior cumpriranse baixo os principios de cooperación, coordinación e mutua colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade.

3. Ademais, a Policía de Galicia poderá asumir todas aqueloutras funcións que sexan delegadas ou transferidas á Comunidade Autónoma pola vía

130869

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envio: 12/11/2018 11:13:48.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do artigo 150.2 da Constitución, así como aqueloutras que lle sexan encomendadas.

4. Tendo en conta o tempo transcorrido, a falta de desenvolvemento e cumprimento da lei de policía galega e a parálise nas transferencias do Estado a Galiza das competencias en materia de tráfico, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento insta ao goberno galego a

1. Demandar do goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante o acordo unánime do parlamento galego do ano 2008 sobre transferencias a Galiza en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza cidadá.

2. Desenvolver a Lei 8/2008 de policía de Galicia, cun despregamento gradual para que no prazo de dous anos poida asumir as funcións contidas no artigo 15 da citada lei."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

130870

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40066
Data envio: 12/11/2018 11:13:48.288

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 11:08:45

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 11:08:51

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 11:08:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 11:08:53

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 11:08:55

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 11:08:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:35
Nº Rexistro: 40075
Data envio: 12/11/2018 11:35:52.150

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á **MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª,** relativa ao libro sobre a Catedral de Santiago.

Exposición de motivos

Na última década a edición de libros en lingua galega caeu un 33,6%. Só as obras en vasco experimentaron un descenso máis pronunciado (un 34,6%), segundo apunta o informe do Instituto Nacional de Estatística *Producción editorial de libros*, que recolle datos ata 2016.

Así, mentres que fai dez anos superábase o milleiro de libros e folletos en lingua galega (1.472), agora estamos por debaixo dos 1.000. A tendencia é claramente á baixa e continúa ata hoxe. Nos últimos 12 meses estudados pasouse das 1.120 obras en galego ás 976, o que supón un descenso do 12,8%.

Os datos tamén son malos cando se repara nas publicacións bilingües. No 2016 houbo 269 libros en euskera e castelán, 266 en catalán e castelán e 140 en valenciano e castelán. Pola contra, só houbo 84 libros en galego e castelán, o que, como é lóxico, dificulta dar a coñecer a nosa lingua no resto do territorio do Estado.

Pero o dato máis preocupante é outro. O galego é a cuarta lingua en porcentaxe de libros infantís e xuvenís sobre o total do publicado. O euskera conta cun 34,7%, o valenciano cun 27,4% e o catalán cun 24%. En galego, en cambio, só se pública un 19,9% de obras dirixidas a poboación máis nova. Trátase dun

problema serio, xa que é a xente moza a que máis de lado está deixando o noso idioma. Así o advirte un traballo recente da Real Academia Galega titulado *Lingua e sociedade en Galicia*, que alerta dunha "crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguantes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos".

A pesar de que a situación da lingua galega é preocupante, o orzamento da Xunta de Galicia dedicado á normalización lingüística, bibliotecas, fomento da lectura e edición de libros na nosa lingua continúa sen igualar sequera a cifra de 2009.

- O presente ano, os fondos destinados á normalización lingüística medraron máis dun 11%, pasando dos 6,82 aos 7,62 millóns de euros, pero a cantidade segue sen superar a terceira parte da presupostada no 2009, 21,5 millóns de euros.
- A adquisición de fondos para as bibliotecas precipitouse dende os 2,4 millóns de 2009 ata os 425.000 euros de 2013, cantidade idéntica á deste ano.
- No que atinxe á promoción do libro e da lectura, no 2009 o total das partidas sumaban 1,3 millóns de euros. Na actualidade, son de 516.000.
- As axudas específicas á edición en galego son agora a terceira parte (588.460 euros) das axudas do 2009 (1.593.000).

Así, é moi difícil de entender que, non habendo diñeiro para unha maior promoción da lectura e do libro galego e en galego, o Consello da Xunta aprobara unha axuda de 210.000 euros para a elaboración dun so libro sobre a Catedral de Santiago. Teñamos en conta que o orzamento total da Consellería de Cultura dirixido á dotar ás bibliotecas, arquivos e museos de novidades editoriais en galego é de só 200.000 euros.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:35
Nº Rexistro: 40075
Data envio: 12/11/2018 11:35:52.150

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a Elaborar un informe no que consten os gastos desagregados dos 210.000 euros dedicados ao libro sobre a Catedral de Santiago.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Asdo.:Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/11/2018 11:28:17

Luca Chao Pérez na data 12/11/2018 11:28:25

Luis Villares Naveira na data 12/11/2018 11:28:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:21
Nº Rexistro: 40080
Data envio: 12/11/2018 12:21:25.497

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao e Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 5.ª,** pola humanización do trato ás mulleres durante o proceso da xestación, parto e puerperio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

"As mulleres parimos, as mulleres decidimos" é unha frase icónica do movemento feminista que aínda está lonxe de facerse realidade.

Na medida en que vivimos nunha sociedade patriarcal e só as mulleres temos capacidade para xestar, parir e aleitar as condicións nas que o facemos aínda están lonxe de adecuarse a unha experiencia humana, digna, construtiva e reconfortante para moitas de nós.

A maternidade, só cando é libre e escollida, pode ser para nós as mulleres unha vivencia empoderadora coa que contribuír á construción dunha sociedade máis feliz e realizada en termos amplos. Non é un fin en si mesmo co obxectivo da procreación de novos seres sen significación algunha na vida das mulleres. O protagonismo debe ser das propias mulleres facendo valer o criterio ético de Autonomía como ben máximo, igual que nos demais procesos vitais.

Mais, lonxe diso, a dinámica histórica non priorizou necesariamente o benestar das mulleres que xestan.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:21
Nº Rexistro: 40080
Data envio: 12/11/2018 12:21:25.497

Por iso a Organización Mundial da Saúde emitiu un informe no 2.014 avalado por ducias de organizacións e institucións internacionais visibilizando a existencia de prácticas pouco respectuosas durante a atención á xestación e ao parto e facendo un chamamento para a súa mellora.

A sociedade española de xinecoloxía e obstetricia emitiu recentemente un comunicado intimidatorio en contra do emprego da terminoloxía violencia obstétrica. Nel falábase de que "En el parto, cada individuo se enfrenta de forma solitaria a su destino en 10 centímetros de vagina". Forma pouco elegante de definir unha experiencia que debe aspirar a ser o máis enriquecedora posible para a nai e para o feto e que transcende da cuestión anatómica do tránsito pola vaxina para converterse nunha experiencia con incuestionables facetas culturais, emocionais, sociais relevantes nas dúas vidas.

Procedementos como un nivel de cesáreas e episiotomías por riba das recomendacións, a práctica da manobra de Kristeller, o coidado insuficiente pola non separación de nai e neonato, trato infantilizado ou paternalista, manobras de Hamilton, sedacións, inducións innecesarias, rotura de membranas… son cuestionadas por guías de práctica clínica e por documentos da OMS que fan unha chamada de atención sobre a situación.

A diminución da morbimortalidade perinatal é un parámetro tremendamente valorable pero que non debe amparar calquera actitude pouco considerada co benestar das mulleres: avogamos por unha atención ao parto humana, considerada coas súas necesidades, empática, baseada bo trato e con respecto máximo aos procedementos de consentimento informado para unha maior Autonomía das mulleres.

Avogamos tamén pola aplicación da perspectiva de xénero á xestión deste e de calquera outra cuestión en materia de saúde que afecte de modo maioritario ás mulleres, así como á consideración xeral da saúde das persoas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:21
Nº Rexistro: 40080
Data envio: 12/11/2018 12:21:25.497

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Consideramos que a medicalización innecesaria de procesos comúns como o parto normal non só redundan nunha vivencia de peor calidade para mulleres e neonatos, senón que contribúen a unha consideración da saúde como un ben de consumo e o sistema sanitario como prestador de servizos, cuestión que contribúe a unha peor calidade e a unha menor sostenibilidade.

Queremos visibilizar as numerosas profesionais que, desde a súa práctica cotiá apostan pola humanización e a transformación da atención ao parto co seu compromiso, a súa sensibilidade, a súa boa praxe e o seu respecto -tamén- polas necesidades físicas, emocionais, afectivas e relacionais das mulleres.

Polo exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a por en valor o trato respectuoso coas mulleres durante o proceso de xestación e parto baseado no respecto e sensibilidade coa súa autonomía, coa súa cultura, as súas lexítimas prioridades e revisar aquelas prácticas mellorables en canto á medicalización do parto normal.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:21
Nº Rexistro: 40080
Data envio: 12/11/2018 12:21:25.497

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 12/11/2018 12:16:58

Eva Solla Fernández na data 12/11/2018 12:17:06

Paula Vázquez Verao na data 12/11/2018 12:17:13

Paula Quinteiro Araújo na data 12/11/2018 12:17:20

Luis Villares Naveira na data 12/11/2018 12:17:28

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40089
Data envio: 12/11/2018 12:40:58.068

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Parlamento galego aprobou no pasado mes de outubro unha proposta de resolución pola que se insta a todas as administracións a consensuar e coordinar as actuacións para localizar, exhumar e trasladar para un enterramento digno os restos de vítimas do franquismo.

Trátase dun acordo moi xenérico que debe ser obxecto de concreción e impulso polo goberno galego, en coordinación co goberno do Estado e coas administración locais. Tamén debe contar coa participación das asociacións de memoria histórica e coas familias das vítimas.

2. No período 2005-2009, o goberno galego impulsou diversas liñas de actuación en relación coa recuperación da memoria histórica. No ámbito da investigación, promoveu e financiou o Proxecto Nomes e voces, que se convertiu nun referente estatal do estudo da represión franquista. Un dos resultados deste Proxecto foi a elaboración dun mapa de localización de foxas, nas que se

130879

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40089
Data envio: 12/11/2018 12:40:58.068

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distinguen as escavadas e exhumadas, as escavadas en cemiterios e as que están sen escavar e exhumar.

Por outra parte, o goberno galego promoveu nun Plan de exhumación de foxas e asinou un convenio a finais do ano 2008 co Instituto de Medicina Legal de Galiza para a coordinación dos traballos antropolóxico-forenses, e co Instituto de Medicina Legal da USC, para a realización das análises xenéticas.

Tanto o Proxecto Nomes e Voces como as actuacións encamiñadas á levar a cabo a exhumación de foxas ficaron paralizadas a partir do ano 2009 coa chegada do PP ao goberno da Xunta.

Pasaron pois nove anos de ausencia absoluta de políticas de memoria histórica, o que sitúa a Galiza nun deshonroso posto de desleixo e desprezo cara ás vítimas da represión franquista que aínda permanecen desaparecidas.

É tempo pois de recuperar o tempo perdido, desenvolvendo un plan plurianual de traballo que permita investigar, localizar, exhumar, identificar e dar un enterramento digno ás vítimas do franquismo que están soterradas en foxas común.

E cómpre facelo con rigor, cos medios técnicos, materiais e económicos necesarios, seguindo os protocolos establecidos e contando coa participación das familias e das asociacións de memoria histórica.

130880

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40089
Data envio: 12/11/2018 12:40:58.068

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Elaborar e aprobar, coa participación das entidades locais, universidades e asociacións de memoria histórica, un Plan plurianual de investigación, localización, exhumación e identificación das vítimas do franquismo que están soterradas en foxas comúns en Galiza. O procedemento para a localización basearase na investigación por parte dun equipo multidisciplinar que teña en conta as fontes orais, as probas documentais e a relación de indicios que a xustifiquen. Os traballos de exhumación e identificación realiraranse por equipos profesionais, con financiamento público e de conformidade cos protocolos establecidos. O obxectivo último do plan debe ser a entrega dos restos ás familias e o desenvolvemento de actos de enterramento digno.

2. Creación dun Banco de ADN, dependende do Instituto de Medicina Legal de Galiza (IMELGA) para recoller mostras procedentes dos restos óseos de persoas procedentes das exhumacións, así como das persoas que soliciten a toma de mostras para secuenciar o seu ADN e poder comparalo coas do Banco. Para a coordinación dos traballos antropolóxico forenses e para a realización das análises xenéticas poderán aprobarse convenios co Instituto de Medicina Legal de Galiza (IMELGA) e co Instituto de Medicina Legal da USC.

3. Iniciar o Plan de exhumación de foxas no ano 2019 e facer as achegas económicas necesarias para garantir a súa continuidade durante un período

130881

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40089
Data envio: 12/11/2018 12:40:58.068

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mínimo de 5 anos. A tal fin poderanse asinar convenios coas deputacións e cos concellos nos que se atopan as foxas.

4. Colaborar coas iniciativas promovidas polo goberno do Estado ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas, nomeadamente co Proxecto de localización e exhumación das vítimas da Fuga de Ezkaba que promove o goberno de Nafarroa.”

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 12:39:56

130882

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:40
Nº Rexistro: 40089
Data envio: 12/11/2018 12:40:58.068

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 12:40:03

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 12:40:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 12:40:06

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 12:40:07

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 12:40:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:28
Nº Rexistro: 40100
Data envio: 12/11/2018 13:28:43.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o peche do centro de saúde de Castro no Concello de Carballedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O SERGAS informou recentemente á equipa médica do Concello de Carballedo, na comarca de Chantada, da decisión de pechar o consultorio do lugar de Castro.

Até o momento a atención sanitaria da poboación desta localidade rural tiña lugar en dous centros, o de Castro e o da Barrela. Porén, aproveitando a xubilación do facultativo titular do primeiro a Xunta de Galiza decidiu pechalo.

O Concello de Carballedo ten máis de 2 mil habitantes dos que por volta de 400 tarxetas sanitarias eran atendidas no consultorio de Castro prestando un servizo de proximidade fundamental para unha poboación idosa que en moitas ocasións vive soa. Na actualidade o centro conta cun médico e cunha enfermeira que se suman aos 3 facultativos e unha enfermeira do da Barrela.

O peche do centro, previsto para o mes de decembro, vai afastar o servizo da poboación á que atende obrigando a moitas persoas a ter que pagar un taxi para poder ir á consulta.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:28
Nº Rexistro: 40100
Data envio: 12/11/2018 13:28:43.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza ten afirmado en moitas ocasións que a presente é a "lexislatura do rural" porén as decisións que vén adoptando –de supresión de servizos— distan moito do discurso que pregoa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a manter aberto o centro de saúde de Castro, no Concello de Carballedo, para garantir unha atención de proximidade á poboación adscrita a el. De non ser posíbel a abertura nas condicións en que se viña realizando que se garanta, cando menos, unhas horas á semana."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

130885

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:28
Nº Rexistro: 40100
Data envio: 12/11/2018 13:28:43.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 13:26:17

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 13:26:22

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 13:26:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 13:26:25

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 13:26:26

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 13:26:28

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:43
Nº Rexistro: 40107
Data envio: 12/11/2018 13:43:15.393

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xornal dixital *Eldiario.es* e seguidamente *Praza Pública* veñen de destapar publicamente a responsabilidade do goberno central aínda durante o mandato do Partido Popular na demora da construción de fragatas na ría de Ferrol. Máis aínda, as informacións xornalísticas apuntan ao que aparentemente é un caso claro de corrupción e de emprego das portas xiratorias co fin de lucro persoal.

Presuntamente durante a xestión de Cospedal e mais de Pedro Morenés na área de defensa o Ministerio impuxo a implantación dos mísiles Sea Ceptor como prioritaria nas fragatas F-110, previstas para Navantia en Ferrol. Froito desta decisión deliberada, que pretendía favorecer a empresa multinacional MBDA vinculada ao propio Morenés, serían precisos traballos de adaptación técnica dos deseños que terían conlevado até dous anos de demora.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego as novas relativas aos atrasos na construción de fragatas no naval ferrolán son de extrema gravidade e supoñen un abuso de poder e unha clara desviación dos principios éticos

130887

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:43
Nº Rexistro: 40107
Data envio: 12/11/2018 13:43:15.393

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que deben rexer a xestión dos recursos públicos, ademais de supoñer unha actuación tremendamente lesiva para o naval do noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Cumprir e desenvolver a Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galiza, a comezar polo recollido no acordo parlamentar do 13 de abril de 2016 impulsado polo BNG respecto da petición do cumprimento inmediato do punto 1 do artigo 4º da citada lei, que estabelece que "a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galiza que, pola súa natureza, non poidan ser obxecto de traspaso".

2. Trasladar á fiscalía toda a información da que dispoña a respecto da demora na construción das fragatas F110 por parte de Navantia por considerar os feitos constitutivos de delito e solicitar a súa investigación. Así mesmo, a emprender como Xunta de Galiza as accións legais posíbeis a respecto desta cuestión."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

130888

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:43
Nº Rexistro: 40107
Data envio: 12/11/2018 13:43:15.393

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 13:39:18

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 13:39:23

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 13:39:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 13:39:26

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 13:39:28

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 13:39:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:54
Nº Rexistro: 40114
Data envio: 12/11/2018 13:54:41.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a colaboración do goberno galego no programa de identificación das vítimas da fuga do Forte de Ezkaba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado 22 de maio conmemorouse o 80 aniversario da fuga de máis de 800 presos políticos da prisión franquista do Forte de San Cristóbal en Pamplona (Forte Ezkaba), que tivo lugar o 22 de maio de 1938. Como consecuencia da persecución posterior, 208 dos fuxidos foron asasinados, 48 deles eran galegos. Os seus corpos foron soterrados en foxas comúns que están a ser investigadas, localizadas e exhumadas polo goberno navarro no marco dun proxecto de investigación e divulgación sobre a fuga de Ezkaba.

O proxecto consta de varias liñas de actuación:

- Un sendeiro de memoria GR 225, desde Ezkaba a Urepel (Francia), lugar a onde conseguiu chegar un preso.

- Un campo de traballo internacional no cemiterio das Botellas.

- O programa de localización e exhumación das foxas da fuga, e a conseguinte identificación das vítimas.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:54
Nº Rexistro: 40114
Data envio: 12/11/2018 13:54:41.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O proxecto educativo “Escolas con memoria” con visitas de alumnado á Forte, ás foxas e ao GR 225.

- Un libro e unha exposición sobre redes de solidariedade de mulleres cos presos e as súas familias.

Para o desenvolvemento deste programa, o goberno navarro conta coa colaboración de asociacións de memoria histórica e de institucións de diferentes comunidades autónomas. Esta colaboración é imprescindíbel para atopar familiares das vítimas desaparecidas e para a recollida de mostras de ADN e contrastalas cos restos das persoas atopadas nas exhumacións. Segundo a información da que dispón o BNG, a Xunta de Galiza non colabora no programa de identificación das vítimas da fuga de Ezkaba que están aínda desaparecidas ou sen identificar.

Aínda que foi demandado por representantes do goberno navarro, a Xunta de Galiza non participou o mes de marzo de 2018 n o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica, no marco da cal se promoveu a sinatura, o 16 de marzo, da "Declaración institucional de compromiso coa memoria histórica". Neste acto participaron representantes dos gobernos autonómicos de Andalucía, Aragón, A Rioxa, Asturias, Castela e León, Canarias, Cantabria, Cataluña, Euskadi, Extemadura, Illas Baleares, Navarra e Valencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

130891

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:54
Nº Rexistro: 40114
Data envio: 12/11/2018 13:54:41.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Colaborar co goberno de Navarra no programa de identificación das vítimas galegas do Forte de Ezkaba mediante a localización de familiares, recollida de mostras de ADN, envío das mesmas ao bando de ADN do goberno navarro.

2. Colaborar co goberno de Navarra e coas familias das vítimas no traslado e enterramento digno dos galegos que foron asasinados na fuga de Ezkaba.

3. Realizar un acto público de recoñecemento e homenaxe aos galegos presos en Ezkaba e aos que foron asasinados como consecuencia da fuga do 22 de maio de 1938.

4. Participar a partir de agora na Rede Interautonómica de Memoria Histórica, nos seus encontros e nos programas que se leven a cabo desde a mesma.”

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

130892

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:54
Nº Rexistro: 40114
Data envio: 12/11/2018 13:54:41.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 13:51:33

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 13:51:38

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 13:51:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 13:51:41

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 13:51:42

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 13:51:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40125
Data envio: 12/11/2018 14:12:18.706

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A industria da transformación da madeira é un vector da economía galega, e a fabricación e instalación de mobiliario unha das súas vertentes cun importante impacto no sector, onde Galiza é selo de calidade.

Diante dun anuncio de ERE por parte dos actuais propietarios de Noa Madera Creativa, recentemente o Bloque Nacionalista Galego mantivo reunións e contactos de forma constante co Comité de Empresa. Cabe salientar que esta é unha empresa situada en Fene, no polígono de Vilar do Colo, e que na actualidade dá traballo a arredor de 250 persoas de forma directa, unha cifra meirande se temos en conta as tarefas derivadas e complementarias.

Desde hai máis dun mes estase a vivir na localidade e, por extensión, na comarca unha situación de grande preocupación derivada do anuncio por parte da empresa da presentación dun ERE extintivo que afectaría a máis de 100 traballadoras e traballadores e que implicaría reducir a empresa case á metade e tería un grande impacto social e económico.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40125
Data envio: 12/11/2018 14:12:18.706

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A representación do Comité de Empresa explicou que a situación parte da absorción de Noa Madera por parte do grupo Malasa –que ten como cliente prioritario a Inditex- o pasado mes de agosto, e o anuncio dun posíbel ERE non está baseado en problemas de produción, senón máis ben nun intento da actual propietaria de ameazar co ERE extintivo para, en realidade, facer unha política de precarización das condicións laborais para obter máis beneficios a costa das traballadoras e traballadores.

Estamos a falar dunha empresa que, ademais, conta cun cadro de persoal cunha media de idade moi nova do entorno do conxunto da comarca; sendo da maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto na xa deteriorada economía comarcal sería considerábel -dado que non falamos só dos postos directos da empresa, senón dos que derivan da actividade que desenvolve- ademais de deixar desprotexidas a centos de familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista desta situación, expresa a súa rotunda oposición non só a calquera tentativa de levar a cabo un inxustificado ERE extintivo, senón tamén a que se perda calquera posto de traballo ou se precaricen as condicións laborais do cadro de persoal. Máis aínda, tendo en conta que traballan para xigantes da industria téxtil, cómpre desenvolver unha activa política de negociación con estas empresas, nomeadamente Inditex, para que se manteñan os postos de traballo e os dereitos laborais acadados.

Nese sentido, alén de ter impulsado mocións nos diversos concellos da comarca, para o BNG é fundamental que o propio Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza se impliquen nesta cuestión e as e os traballadoras gañen apoio institucional e social. No momento de asinar esta iniciativa o ERE non está aínda presentado, mais é fundamental avanzar na defensa dos postos de traballo.

130895

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40125
Data envio: 12/11/2018 14:12:18.706

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, expresar o seu apoio ás e aos traballadores de Maderas Noa (Fene) e o seu compromiso co mantemento dos postos de traballo así como instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para demandar que a empresa desista do ERE.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

130896

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40125
Data envio: 12/11/2018 14:12:18.706

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 14:07:10

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 14:07:14

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 14:07:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 14:07:17

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 14:07:18

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 14:07:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:34
Nº Rexistro: 40133
Data envio: 12/11/2018 17:34:09.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade por parte das entidades financeiras segue a estar rodeada de prácticas pouco transparentes e garantistas para cos dereitos das persoas usuarias e co bo devir da economía en xeral. Recentemente, fíxose pública de forma polémica a sentenza respecto dos impostos ás hipotecas, que se estiman nunha recadación de até 5.000 millóns de euros.

O pasado día 6 de novembro coñeceuse como o Tribunal Supremo, cunha axustadísima votación, anulaba de facto a doutrina que tiñan abalado até tres sentenzas ao ditaminar previamente que era a banca e non a clientela quen debían pagar o imposto das hipotecas. Un ditame que chegaba nun contexto de fortes presións dos sectores económicos e financeiros

Ao fío desta cuestión, cómpre denunciar que sen un sistema xudicial independente non pode haber unha democracia digna de tal nome e que se observa unha vez máis como as deficiencias na calidade democrática do Estado español están directamente relacionada cun sistema xudicial intrinsecamente centralista, clasista e machista; e coa súa subordinación aos poderes político e económico. Unha situación

130898

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:34
Nº Rexistro: 40133
Data envio: 12/11/2018 17:34:09.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuxas consecuencias repercuten tamén nos galegos e galegas e diante da que cómpre actuar.

Despois de que o Supremo acordara que sexa a ou o cliente quen aboe o imposto de Actos Xurídicos Documentados vinculado á sinatura dunha hipoteca, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Fiscalía Xeral do Estado debera estar obrigada a investigar se en todo este proceso houbo actuacións constitutivas de delito ao ser mudada de forma radical a orientación dunha sentenza no seu paso a ser firme, máis aínda tendo en contra que na doutrina precedente o sentido era inverso.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a se dirixir á Fiscalía co obxecto de que sexa investigada a posíbel comisión de delito no proceso que acompañou á sentenza do Tribunal Supremo respecto do pagamento do imposto de Actos Xurídicos Documentados vinculado á sinatura dunha hipoteca."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

130899

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:34
Nº Rexistro: 40133
Data envio: 12/11/2018 17:34:09.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 17:29:08

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 17:29:13

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 17:29:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 17:29:17

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 17:29:19

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 17:29:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:47
Nº Rexistro: 40138
Data envio: 12/11/2018 17:47:06.515

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Exposición de motivos

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc.…
É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa e promover políticas activas que superen en campos como:

1) A fixación da poboación no medio rural;
2) A incorporación da mocidade para facilitar o relevo xeracional;
3) O mantemento e potenciación do sector lácteo co impulso o establecemento e apertura de plantas de transformación láctea en Galicia, así como a mellora na comercialización do leite;
4) O aumento do peso dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os produtores do leite;
5) O impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras, para o cal aprobará neste ano un

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

documento xeral que conteña as liñas de apoio específicas a estes sectores, cun seguimento público verificable no relativo aos seus resultados anuais.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 12/11/2018 17:41:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/11/2018 17:41:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/11/2018 17:41:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 40142
Data envio: 12/11/2018 17:53:53.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre a débeda galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, un peso que non se corresponde coa escasa información existente sobre a mesma.

O último dato dispoñíbel, do segundo trimestre de 2018, sitúa a débeda pública de Galiza segundo o protocolo de déficit excesivo en 11.549 millóns de euros. Dende o ano 2009, ano no que comezou a gobernar o Partido Popular baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo, a débeda incrementouse en 7.626 millóns de euros, isto é, un 200%. É dicir, a débeda de Galiza triplicouse durante os gobernos presididos por Núñez Feijóo.

O PIB medra en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, no actual contexto de crecemento económico, a débeda galega medrou en 1.588 millóns de euros, e nos últimos doce meses a débeda incrementouse en 168 millóns de euros.

130903

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 40142
Data envio: 12/11/2018 17:53:53.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con datos de execución do orzamento do ano 2018, a 30 de setembro, observamos como o programa que maior grado de execución presenta é o "911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública", que conta cunha execución do 82,2%, cunhas obrigas recoñecidas de case mil millóns de euros (994,6 millóns). Atendendo á clasificación por capítulos, observamos como o capítulo 9, os pasivos financeiros, teñen unha execución do 83,3%, mentres o capítulo 3, os gastos financeiros, presentan unha execución do 74%.

Con respecto ao proxecto de orzamentos para o ano 2019, observamos como no ano 2019 os ingresos por emisión de débeda incrementaranse fortemente. Así, na distribución económica dos ingresos observamos como o capítulo 9 pasa de representar 1.430 millóns de euros no presente 2018 a representar 1.789,3 no 2019, un forte incremento de 359,3 millóns de euros, isto é, un incremento do 25,1%.

Doutra banda, os gastos por amortización de débeda tamén se incrementarán dun xeito intenso con respecto ao orzamentado para o presente ano. Así os pasivos financeiros pasan de 1.075,7 millóns a 1.530,5, un espectacular incremento de 454,8 millóns de euros, o 42,3%. Deste xeito é o capítulo que, con moitísima diferenza, experimenta un maior crecemento no proxecto de orzamentos, tanto en termos absolutos como relativos.

Segundo recolle o Informe Económico Financeiro do Proxecto de Orzamentos para 2019, a débeda ascenderá no próximo ano en 154 millóns de euros, prevéndose rematar o 2019 nunha contía de 11.664 millóns de euros. Polo tanto, a débeda segue a incrementarse no quinto ano consecutivo de crecemento económico e, sumando as colaboracións público privadas, a finais do ano 2019, Galiza estará endebedada en 14.111,4 millóns de euros.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 40142
Data envio: 12/11/2018 17:53:53.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, a pesares destas cifras que amosan o forte peso que ten a débeda sobre o orzamento público, descoñecemos información moi importante relativa á débeda pública, tal como como as emisións, os xuros aos que se emite cada emisión, o cadro de amortización da débeda viva ou as entidades coas que está contraída. Trátase de elementos moi importantes para realizar unha valoración completa sobre o que representa o peso da débeda na economía galega, elementos que deberían ser accesíbeis e coñecidos nunha sociedade democrática que aposte pola transparencia institucional.

Por outra parte, este volume de débeda ten diferentes orixes, podendo ser parte dela a coñecida como "débeda odiosa ou ilexítima", que é aquela que se contrae contra os intereses da cidadanía do país. Trátase dun concepto usado en numerosas ocasións por parte do dereito internacional. Esta pode ser a causada por unha fiscalidade permisiva coa fraude fiscal, a contraída para a preservación do poder das elites, etc. Pódese considerar tamén débeda ilexítima aquela débeda pública cuxos fondos se destinan a ser novamente prestados a terceiros, no canto de a sufragar gastos operativos correntes ou de capital. Xa que logo, faise necesario impulsar unha auditoría coa finalidade de identificar que parte da débeda pode ser cualificada como ilexítima.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Elaborar un Informe que contemple toda a información relativa á débeda de Galiza: con que entidades está contraída, cales son os cadros de amortización, xuros pagados, etc.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 40142
Data envio: 12/11/2018 17:53:53.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Crear unha comisión formada por expertos de diferentes ámbitos sociais e económicos coa finalidade de que leve a cabo unha auditoría da débeda pública galega e identifique aquela débeda que poida ser cualificada de ilexítima nun prazo máximo de seis meses.”

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 17:45:27

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 17:45:32

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 17:45:33

130906

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 40142
Data envio: 12/11/2018 17:53:53.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 17:45:35

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 17:45:36

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 17:45:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 18:15
Nº Rexistro: 40151
Data envio: 12/11/2018 18:15:34.318

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

As familias de Zas levan denunciando a súa situación en relación a pediatría varios meses. Isto débese a que antes, dispoñían dun horario de atención de 8:00 a 15:00 h (35 horas semanais). Na actualidade só teñen servizo de pediatría 15 horas á semana, de 12:00h a 15:00h, repartidos, dous días no Centro de Saúde de Baio e 3 no de Zas, para as máis de 300 familias . Pola tarde, a opción é ir ao PAC de Vimianzo.

Isto xera graves problemas laborais ás familias, que ten dificultades para adaptarse ao horario de atención á pediatría, ao igual que aos nenos e nenas afectadas, que se ven obrigados a perder media mañá de clase.

A situación agravouse durante o mes de outubro, con motivo da cobertura das necesarias vacacións dos facultativos, xa que, tanto en Vimianzo como en Baio e Zas, atopábanse sen servizo de pediatría, o que obrigaba ás familias a desprazarse a Camariñas a 40 quilómetros do seu concello.

A día de hoxe, xa hai un milleiro de sinaturas recollidas por parte da veciñanza afectada, ante a redución do horario deste servizo.

Por todo isto, é preciso ter unha resposta do Goberno galego en canto á recuperación das 35 horas de atención en Baio e Zas, conforme se viña realizando ata hai uns meses, por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 18:15
Nº Rexistro: 40151
Data envio: 12/11/2018 18:15:34.318

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a recuperar as 35 horas semanais de atención pediátrica ás familias de Baio e Zas, para evitar os graves inconvenientes aos que se ven sometidas como consecuencia da redución de 20 horas semanais.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 18:15
Nº Rexistro: 40151
Data envio: 12/11/2018 18:15:34.318

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 18:15
Nº Rexistro: 40151
Data envio: 12/11/2018 18:15:34.318

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/11/2018 18:04:35

Julio Torrado Quintela na data 12/11/2018 18:04:47

Noela Blanco Rodríguez na data 12/11/2018 18:04:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/11/2018 18:05:01

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40161
Data envio: 12/11/2018 18:53:53.809

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Achégase o Nadal, e desde as distintas confrarías amósase pesimismo en canto a situación do percebe. A cría non medra como nos anos anteriores, en consecuencia a produción tampouco o fai ao ritmo esperado, que permitía unha boa campaña para esas datas, probablemente a máis importante do ano.

Barállanse varios motivos entre o sector, entre eles: a falta de choivas, que aportaría a auga doce necesaria para a cría, o cambio climático, do que temos que recordar que a Consellería do Mar só destina 80.000 euros no proxecto de orzamentos para 2019; o propio furtivismo, a falta de vedas continuadas ... etc.

En calquera caso, non se trata máis ca de suposicións do sector, baseados na súa experiencia acumulada ao longo dos anos. Pero vótanse de menos estudos científicos e técnicos, que determinen as causas verdadeiras da redución da cría de percebe, que analice a súa evolución ao longo dos últimos anos, as previsións para o futuro, a necesidade de establecer vedas continuadas de como mínimo medio ano, e sobre todo, que avalíe a política levada a cabo ao respecto, para poder elaborar un conxuntos de medidas futuras que permitan recuperar os valores da especie.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un informe no que participen expertos independentes, que determine a evolución da produción do percebe ao longo dos últimos anos, as previsións para o futuro, a se existe a necesidade de establecer vedas continuadas de como mínimo medio ano, , e un conxunto de medidas futuras que permitan recuperar os valores da especie.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40161
Data envio: 12/11/2018 18:53:53.809

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/11/2018 18:49:05

Patricia Otero Rodríguez na data 12/11/2018 18:49:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/11/2018 18:49:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40165
Data envio: 12/11/2018 19:12:25.876

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Durante os distintos debates que se levaron a cabo no Parlamento de Galicia en relación co risco de infección por anisakis, unha das cuestións que xurdiron é a posibilidade de realizar investimentos a bordo, que permitan a redución do risco. Estas basicamente se destinan á mellora do eviscerado, evitando o contacto coa carne do peixe e así, evitar o contaxio. Outra posibilidade é a de matar as larvas do parasito, que se atopan nas vísceras, que regresan ao mar.

No programa 723A de Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura a partida de "Investimentos a bordo" viuse reducida nos últimos anos desde 1.300.000 euros no ano 2017 a 100.000 euros no proxecto de orzamentos do ano 2019. Este programa tivo no ano 2017 unha execución orzamentaria dun 37 %.

Por isto, é necesario coñecer se o Goberno galego está a realizar algún tipo de seguimento en relación coas embarcacións pioneiras, e coñecer como valora a Xunta de Galicia a necesidade de levar a cabo este tipo de investimentos que non hai que esquecer son de carácter preventivo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a crear unha liña de axudas que permitan a dotación de medios e tecnoloxías necesarias nas embarcacións para a mellora do proceso de evisceración, co fin de reducir o risco de contaxio de anisakis, e realizar unha campaña de promoción do uso destes medios e das liñas de axuda para que sexan coñecidas amplamente por todo o sector implicado.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40165
Data envio: 12/11/2018 19:12:25.876

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40165
Data envio: 12/11/2018 19:12:25.876

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/11/2018 19:06:23

Patricia Otero Rodríguez na data 12/11/2018 19:06:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/11/2018 19:06:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 10:33
Nº Rexistro: 40168
Data envio: 13/11/2018 10:33:18.597

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos

Galicia vivirá, nos próximos anos, importantes eventos que transformarán a súa mobilidade e sistema de transportes, e suporán un enorme impacto no seu turismo.

En primeiro lugar, a chegada do AVE, largamente esperada. Que implicará un cambio moi importante na mobilidade exterior de Galicia, e que afectará tanto aos fluxos internos coma ao sistemas aeroportuarios e ferroviarios.

En segundo, as estacións intermodais, que constituirán grandes nodos de intercambio de transportes nas cidades. Favorecendo o uso do transporte público e apostando por un modelo máis sostible económica e medioambientalmente.

En terceiro, o Xacobeo 21, un grande evento económico e turístico. Que traerá á nosa comunidade miles de visitantes que se estenderán por todo o territorio, e suporá un forte aumento da mobilidade interna.

Debemos garantir que Galicia se anticipe a estes grandes cambios, e que potencie unha rede de transporte dinámica cunha mellora da mobilidade e accesibilidade que permee en todo o territorio, potenciando o seu equilibrio e dinamizando o emprego. Unha rede tamén preparada para a importante afluencia de turistas e peregrinos que chegará ao noso país.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 10:33
Nº Rexistro: 40168
Data envio: 13/11/2018 10:33:18.597

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

1. Impulsar unha comisión bilateral Xunta-Estado, para adaptar o sistema aeroportuario e ferroviario galego aos cambios derivados da entrada en funcionamento do AVE, das estacións intermodais e anticipándose ao Xacobeo 21, garantindo a mobilidade en todo o territorio para o conxunto da cidadanía galega, así como o acceso aos principais espazos turísticos galegos.

2. Que, na elaboración do Plan de Transporte Público de Galicia, se prevexa a flexibilidade necesaria para adaptarse a estas circunstancias de especial relevancia."

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/11/2018 10:28:55

Martín Fernández Prado na data 13/11/2018 10:29:06

Maria Antón Vilasánchez na data 13/11/2018 10:29:15

Cristina Isabel Romero Fernández na data 13/11/2018 10:29:22

Jaime Castiñeira Broz na data 13/11/2018 10:29:33

Jacobo Moreira Ferro na data 13/11/2018 10:29:40

Marta Novoa Iglesias na data 13/11/2018 10:29:50

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/11/2018 10:29:57

Gonzalo Trenor López na data 13/11/2018 10:30:20

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/11/2018 10:30:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 11:20
Nº Rexistro: 40175
Data envio: 13/11/2018 11:20:04.267

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través do deputado **Luís Villares Naveira** e da deputada **Carme Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª**

Exposición de motivos:

No ano 2004 aprobouse a Lei Orgánica de 28 de decembro de medidas de protección Integral contra a Violencia de Xénero, publicada no BOE o 29 de decembro de 2004.

Mediante esta lei creáronse os Xulgados de violencia sobre a muller, modificándose a Lei 6/1985 Orgánica do Poder Xudicial ao que se engadiu un novo artigo 87 bis, polo que se creaba en cada partido xudicial un ou máis Xulgados de Violencia sobre a Muller, con sede na capital de aquel e xurisdición en todo o seu ámbito territorial. Estes xulgados ademais adoptarían a designación do municipio da súa sede.

Tamén se preveu a posibilidade de que se puidesen establecer excepcionalmente Xulgados de Violencia sobre a Muller que estendesen a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia

Sería o Consello Xeral do Poder Xudicial o que podería acordar, co previo informe das salas de goberno, que naquelas circunscricións onde fose conveniente en función da carga de traballo existente, o coñecemento dos asuntos corresponda a un dos xulgados de Primeira Instancia e Instrución, ou de Instrución no seu caso, determinándose nesta situación que un so destes órganos coñeza de todos estes asuntos dentro do partido xudicial, xa sexa de xeito exclusivo ou coñecendo tamén doutras materias.

Naqueles partidos nos que exista un só Xulgado de Primeira Instancia e Instrución será o que asuma o coñecemento dos asuntos naqueles asuntos referentes ao artigo 87 ter desta lei, é dicir, todos aquelas denuncias formuladas por feitos derivados da violencia de xénero, feitos cometidos por un home contra a muller, unidos por unha relación de parella. Estes xulgados exclusivos teñen competencia no ámbito penal e civil.

Estes xulgados entraron en vigor o 29 de xuño de 2005. Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial existen 106 xulgados exclusivos de violencia sobre a muller, dos que 2 en Galicia correspóndense cos Xulgados de Violencia sobre a Muller da Coruña e XVM de Vigo e hai 43 xulgados compatibles dos que 38 son Xulgados de Instancia e Instrución e 5 son unicamente de Instrución.

Á vista de que en Galicia repuntaron este ano os asuntos relacionados coa violencia sobre a muller, segundo a memoria da Fiscalía Superior de Galicia, é necesario que cando menos exista un xulgado especializado exclusivo por provincia e que se impulse a especialización no resto de partidos.

En todo caso, continúa vixente a necesidade de reforzar a formación e mellora de dotación de recursos aos xulgados con competencias sobre a materia e para a súa optimización de recursos, a especialización e agrupación de varios partidos xudiciais tense revelado como un instrumento áxil e eficaz para a atender as necesidades derivadas desta tipoloxía delictiva.

A determinación das necesidades de exclusividade no exercicio da xurisdición deben vir referencias a partir dos datos oficiais do CXPX e das ratios de carga de traballo razoable.

A agrupación de varios partidos debe vir determinada por criterios de axilidade e facilidade de acceso á xurisdición, previa escoita activa dos operadores xurídicos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 11:20
Nº Rexistro: 40175
Data envio: 13/11/2018 11:20:04.267

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado co fin de:

1. Acadar a revisión da lei de planta e demarcación xudicial coa finalidade de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, co obxectivo de que haxa un xulgado especializado con competencia exclusiva polo menos en cada provincia.

2. Incrementar a especialización no resto de xulgados, reforzando a formación nos xulgados con competencia sobre a materia e aumentando a porcentaxe de dedicación a estes asuntos onde a competencia non sexa exclusiva.

3. Promover a especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros onde non se dificulte o acceso por razón de distancia á xurisdición.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/11/2018 11:19:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 11:20
Nº Rexistro: 40175
Data envio: 13/11/2018 11:20:04.267

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Carmen Santos Queiruga na data 13/11/2018 11:19:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 13:05
Nº Rexistro: 40193
Data envio: 13/11/2018 13:05:52.226

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada Flora Miranda Pena, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª**, sobre a dignificación da Atención Primaria de saúde e as súas profesionais.

Exposición de motivos

A Atención Primaria é o fundamento esencial de calquera sistema sanitario que aspire a ser eficiente, accesible, resolutivo e integral. Non é preciso a estas alturas aludir á numerosa bibliografía que sustenta que é máis costo-eficaz, máis achegada á poboación, máis permeable á detección e manexo dos problemas de saúde das persoas na súa vertente biolóxica, psicolóxica e social. Ten ademais máis recursos para a interacción co medio, coas profesionais do traballo social de base e para a detección e manexo dos determinantes sociais de saúde, eses elementos que condicionan máis que ningún outro factor o benestar da nosa poboación. Está implantada no territorio, que no caso do noso país é disperso, rural e avellentado, sendo un elemento clave no seu afortalamento (ou, no seu defecto, na súa debilidade).

É resolutiva, na medida en que máis do 90% dos problemas non precisan da intervención doutro ámbito. E, ademais, podería traballar (en circunstancias desexables) nas outras facetas necesarias para a mellora global en termos de saúde da nosa Comunidade: a prevención e a promoción de saúde.

Na Atención Primaria de saúde, que engloba as consultas e os Puntos de Atención Continuada, traballan profesionais globalmente ben formadas e capacitadas para a mellora integral do estado de saúde das galegas e galegos. As profesionais son o elemento máis valioso, resolutivo, comprometido e eficiente

do sistema sanitario. En termos de valor moi por riba de calquera outra infraestrutura material custosa. Diagnostican, tratan, acompañan cun nivel de compromiso moi por riba das contraprestacións que obteñen do seu traballo.

As dinámicas actuais non consideran na súa xusta medida a estas traballadoras. As profesionais dos PACs atópanse organizadas denunciando a súa sobrecarga, as políticas de mal trato por parte da administración, o interesado cómputo erróneo da súa xornada, a obrigatoriedade de asumir xornadas extraordinarias para facer fronte a unha política de mala programación e xestión de necesidades, a irresponsabilidade desatendendo recursos incluso sen atender ás necesidades contempladas nos Plans funcionais.

Por outra banda, nas consultas de horario ordinario a realidade non é mellor. A falta de priorización da Atención Primaria nos orzamentos, nas estruturas de xestión e nas políticas de xestión de recursos obrigan ás súas profesionais a asumir unha carga de traballo que supera con creces o recomendable para un óptimo desenvolvemento laboral. Excesos de pacientes, xestión improvisada das ausencias non cubertas, listas de agarda,…, fan que o eslavón que debería funcionar dun modo óptimo para que o noso sistema sanitario fose realmente resolutivo e de calidade adoeza dun estrés crónico dificilmente sostible a medio e longo prazo.

O prezo págano as profesionais. Co seu esforzo, coa súa saúde, coa súa entrega e co seu compromiso. Mais isto resulta insostible, e merece unha reconsideración. Porque o bo trato é necesario para un desenvolvemento laboral estimulado e eficiente e porque é xusto coas traballadoras e traballadores.

Polo exposto presentase a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 13:05
Nº Rexistro: 40193
Data envio: 13/11/2018 13:05:52.226

- Que se optimice un dimensionamento da Atención Primaria de saúde con recursos suficientes, estruturas de xestión propias e orzamentos suficientes, dándolle o peso necesario na organización sanitaria.

-Que se considere ás súas profesionais como dignas sostedoras do sistema co seu compromiso e profesionalidade e, para elo, que se leven a cabo políticas de programación da dotación necesaria de persoal, investimento oportuno e dinámicas de bo trato e coidado das traballadoras.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 13/11/2018 13:03:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 13:05
Nº Rexistro: 40193
Data envio: 13/11/2018 13:05:52.226

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Eva Solla Fernández na data 13/11/2018 13:03:37

Paula Vázquez Verao na data 13/11/2018 13:03:44

Paula Quinteiro Araújo na data 13/11/2018 13:03:48

Luis Villares Naveira na data 13/11/2018 13:03:54

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40195
Data envio: 13/11/2018 13:51:42.053

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez** e **Rosa Oubiña Solla,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

A Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia establece que a obriga de limpar as faixas secundarias de protección é dos propietarios, e no caso de que estes non cumpran coas súas responsabilidades, a acción subsidiaria é municipal.

Despois da vaga de incendios de outubro de 2017, e a través da Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas, realizáronse unha serie de modificacións. Estes cambios afectan, entre outros aspectos ás redes de faixas secundarias; é dicir, á xestión da biomasa vexetal arredor de núcleos habitados, vivendas illadas, fincas…, etc..

A xestión da biomasa nas redes secundarias, é dicir, nas franxas próximas a vivendas e núcleos habitados, corresponde en primeiro lugar aos propietarios das parcelas e, de xeito subsidiario, aos concellos. A lei obriga a “xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros”:

a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

b) Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Este ano a Xunta adiantou ao 31 de maio a data límite para realizar estes traballos, que antes chegaba ata finais de xuño, medida que xerou certas dificultades na súa aplicación sobre todo para os concellos de pequeno tamaño.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40195
Data envio: 13/11/2018 13:51:42.053

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O certo é que calquera persoa poderá denunciar aquelas parcelas que non cumpran co establecido na lei de prevención de incendios forestais, pero as competencias de supervisar que esas faixas estean correctamente xestionadas e a obriga comunicar as denuncias á consellería competente son dos Concellos.

Garantir o bo estado das parcelas e faixas secundarias, tal e como establece a lei, supón un esforzo para os concellos, e pese a boa vontade e interese que puxeron os alcaldes e alcaldesas de Galicia, atopáronse con moitas dificultades para o seu cumprimento.

Galicia conta con máis de 30.000 núcleos de poboación a xestionar, unha multitude de parcelas, e sobre todo, parcelas de propietario descoñecido, que imposibilitan en moitos casos as labores de limpeza tal e como quedou reflectido nas comparecencias realizadas na comisión de estudo creada trala vaga de lumes do pasado outubro.

Por iso, tendo en conta a importancia de protexer os núcleos de poboación, e a adecuada xestión das masas forestais, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar os mecanismos necesarios para que os concellos de Galicia, especialmente os máis pequenos, poidan realizar axeitadamente todos os trámites administrativos que teñen que ver coa limpeza e conservación tanto das fincas como das faixas de protección.
2. Colaborar cos concellos galegos nos traballos técnicos de redacción e elaboración dos planos que delimitarán as faixas de protección nos diferentes núcleos de poboación.”

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/11/2018 13:47:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40195
Data envio: 13/11/2018 13:51:42.053

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Moisés Blanco Paradelo na data 13/11/2018 13:47:53

Jesús Miguel Prado Patiño na data 13/11/2018 13:48:00

Raquel Arias Rodríguez na data 13/11/2018 13:48:10

Carlos Gómez Salgado na data 13/11/2018 13:48:18

Jacobo Moreira Ferro na data 13/11/2018 13:48:26

Daniel Vega Pérez na data 13/11/2018 13:48:37

Rosa Oubiña Solla na data 13/11/2018 13:48:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 40205
Data envio: 13/11/2018 17:53:40.766

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa dos seus deputados Luís Villares Naveira, David Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª.**

Exposición de motivos

O PLADIGA establece que a colaboración da poboación na detección de incendios forestais na actualidade é unha gran axuda na xestión de ditos lumes e se canaliza a través dos teléfonos de emerxencias 112 e 085.

O 085 é o teléfono gratuíto que a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía para alertar e informar de incendios forestais.

O pasado ano, antes da vaga de lumes que asolou Galicia, dende a CIG-Ourense denunciaron que o número de emerxencia contra incendios, dependente da Consellería de Medio Rural, o 085, non estivo atendido na provincia de Ourense durante dúas noites entre o 1 e o 3 de outubro, por non ter persoal, a pesares de ser tempada de alto risco de incendios.

Dende o sindicato constataran que as persoas que durante esas noites tentaron poñerse en contacto coa central de chamadas para dar avisos de incendios non foron atendidas, xa que a liña non estaba sendo atendida por carecer de persoal para elo.

A vaga de lumes do pasado ano, ademais de deixar tras de si 4 persoas falecidas, case 50.000 hectáreas calcinadas e un dano ambiental irreparable, amosou a total e absoluta falta de previsión da Xunta, así como unha improvisación intolerable.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 40205
Data envio: 13/11/2018 17:53:40.766

Nesa fin de semana foron de destacar tanto os fallos no dispositivo contra incendios (faltou organización, coordinación e disposición de medios) como no actual modelo forestal que temos en Galicia, na información á poboación, etc. Non se soubo afrontar a emerxencia nin nas vilas nin nas cidades. Esa fin de semana fallou o dispositivo, constatándose que a Xunta obvia as súas obrigas nesta materia, por unha banda porque o servizo de Emerxencias de Galicia está totalmente desregulado e segregado e, por outra, porque a lei de Emerxencias de Galicia atópase sen desenrolar dende fai máis de dez anos.

A vaga de lumes constatou que non se preveu o reforzo dos sistemas de comunicación, nomeadamente o 085 e o 112, que estiveron horas colapsados, tendo en conta, ademais, que en Ourense a fin de semana anterior como comentabamos, non houbo servizo do 085 na quenda de noite ao non haber persoal para atendelo.

No primeiro pleno do Parlamento trala vaga de lumes, o 7 de novembro de 2017, sen espazo para o recoñecemento de fallos no dispositivo ou erros na súa dirección política, Feijóo dedicouse a vender fume propondo un “acordo forestal” con trinta medidas, que segundo afirmou, irían “dende o ámbito da prevención ata o da extinción e o da persecución do terrorismo incendiario”.

Boa parte desas medidas xa estaban recollidas na lexislación, só que non se cumprían, polo que só 5 das medidas podían considerarse “novidosas”.

Dende En Marea xa criticaramos que con esas medidas non se facía unha análise clara das causas dos incendios, e consecuentemente non había un proxecto cohesionado para afrontar o problema nin unha predición dos resultados e o seu prazo de efecto. Tendo en conta que a maioría das medidas xa estaban recollidas, tampouco había ningunha garantía de que se foran cumprir.

Un ano despois dese anuncio gran parte das medidas, incluso as que se atopan en leis xa vixentes, seguen sen levarse a cabo, o que amosa a incapacidade do goberno de Feijóo de facer cumprir os decretos aprobados pola Xunta.

Unha das medidas anunciadas por Feijóo no acordo forestal era "poñer o 085 ao dispor dos cidadáns que avisten incendiarios". Ademais de ser un servizo xa vixente, o deber de difusión da súa existencia vén recollido na Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia e en todos os plans vixentes de emerxencias sectoriais. As accións "sociolóxicas e de educación ambiental", recollidas no punto 6.3.2 do PLADIGA xa inclúen o teléfono 085 entre as ferramentas a dar a coñecer como parte da colaboración cidadá fronte aos incendios forestais.

Semella que ata aquel momento non importaba, pois a fin de semana anterior á vaga de lumes o servizo non foi atendido porque non se cubriron as dúas baixas, polo que non funcionou.

De feito, se algo se constatou durante a vaga de lumes foi que a cidadanía coñece o 085, pero o servizo estivo colapsado, non funcionou como debera, e non foi por descoñecemento da xente.

Os feitos seguen pondo de manifesto que non se aprendeu nada e se continúan reproducindo situacións vividas fai un ano. Así, na noite do 11 ao 12 de novembro, o 085 de novo non estivo atendido na provincia de Ourense por falta de persoal, como puideron constatar as persoas que tentaron contactar e non deron.

Esta situación é inaceptable, pois un servizo de emerxencias como é o 085 debe estar cuberto e atendido de xeito eficiente, prestando á cidadanía o servizo para o que foi creado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 40205
Data envio: 13/11/2018 17:53:40.766

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un protocolo e unhas bases para a creación dunha bolsa de emprego para posibles situacións de reforzos de persoal, cobertura de substitucións ou incidencias que se puideran dar no 085, garantindo que todas as quendas se cobren e o servizo non queda desatendido en ningún momento.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Voceiro e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/11/2018 17:46:04

David Rodríguez Estévez na data 13/11/2018 17:46:11

Antón Sánchez García na data 13/11/2018 17:46:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:16
Nº Rexistro: 40219
Data envio: 14/11/2018 12:16:57.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico recolle no seu artigo 49 sobre a xestión da demanda a potestade da Administración para adoptar medidas, entre as que se recolle a prestación do servizo de interrompibilidade xestionado polo operador del sistema que incentiven a mellora do servizo e a eficiencia e aforro enerxéticos, podendo dar o cumprimento dos obxectivos previstos en ditas medidas ao recoñecemento dos custos para a posta en práctica.

A interrompibilidade é o mecanismo de xestión da demanda de enerxía empregado para dar unha resposta rápida ás necesidades do sistema eléctrico con base a criterios técnicos e económicos que consiste en reducir a potencia activa demandada en resposta a unha orde emitida polo operador do sistema, Red Eléctrica.

Para organizar este sistema realízanse poxas. Recentemente, no BOE do 14 de novembro de 2018 publicábase a "Resolución de 6 de noviembre de 2018, de la Secretaría de Estado de Energía, por la que se aprueba el calendario y las características del procedimiento competitivo de subastas para la asignación del servicio de gestión de la demanda de interrumpibilidad regulado en la Orden IET/2013/2013, de 31 de octubre, para el período de entrega comprendido entre el 1 de enero y el 30 de junio de 2019."

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:16
Nº Rexistro: 40219
Data envio: 14/11/2018 12:16:57.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En Galiza hai varias empresas electrointensivas pendentes desta poxa, que no momento de asinar esta iniciativa parlamentar no mes de novembro descoñecen aínda a canto pagaran a enerxía o próximo 2019. Unha delas é Alcoa, nun momento de grande incerteza pola ameaza de peche da factoría da Coruña, mais tamén pola seguridade a respecto das unidades da Mariña. Polo tanto, esta poxa chega nun momento delicado para a industria no que unha vez máis está enriba da mesa o debate sobre a necesidade dunha tarifa industrial estábel, cuestión que o Bloque Nacionalista Galego ten defendido. Así mesmo, cómpre valorar a convocatoria de poxa e os seus termos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a constituír unha mesa de seguimento estábel participada polo sector electrointensivo (organizacións sociais, empresas, administración galega, concellos e organismos profesionais e consultivos implicados) de cara a analizar as repercusións para Galiza das mudanzas no sistema de poxa de interrompibilidade, elaborar propostas para a súa modificación así como impulsar a planificación no desenvolvemento industrial e na fixación de emprego, a comezar por unha proposta de tarifa industrial estábel vinculada a obrigas de mantemento do emprego e de modernización industrial."

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

130935

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:16
Nº Rexistro: 40219
Data envio: 14/11/2018 12:16:57.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2018 11:28:07

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2018 11:28:13

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2018 11:28:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2018 11:28:16

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2018 11:28:18

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2018 11:28:19

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40224
Data envio: 14/11/2018 12:37:35.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As industrias electrointensivas teñen un importante peso na produción industrial e na xestión do emprego en Galiza. Unha delas é Alcoa, que o pasado 17 de outubro comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. Unha situación preocupante que ten mobilizada á sociedade e require de avanzar nos pasos que se teñen dado desde o ámbito institucional.

Cómpre recordar que o sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electrointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40224
Data envio: 14/11/2018 12:37:35.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade. Fóra de ir cara unha corrección desta situación e a mudanza por unha tarifa industrial estábel, semella polas últimas novidades que a intención do goberno central pasa por manter este sistema e as poxas cada seis meses. As propostas verquidas polo presidente da Xunta de cara a fornecelas para períodos dun lustro tampouco parece avanzar.

Paralelamente, o Comité de Empresa de Alcoa trasladou á Xunta de Galiza, ao goberno central e aos grupos parlamentares unha serie de propostas con data de rexistro do 30 de outubro de 2018 que merecen ser consideradas, asumidas como propias e defendidas. É preciso insistir á compañía Alcoa para que non leve a cabo o expediente de extinción de emprego así como impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantenemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas eletrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

Así mesmo, vistos os pasos da propia empresa nas últimas semanas e a insuficiencia... é pertinente tamén poñer enriba propostas vinculadas a que o Estado interveña nesta cuestión. Isto é algo que se ten dado noutros países, noutras ocasións e que mesmo recolle a Constitución española. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos clara a defensa da participación pública dos sectores estratéxicos e que é preciso, de non verificarse solucións, apostar pola intervención nesta situación.

130938

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40224
Data envio: 14/11/2018 12:37:35.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:

1. Comprometerse cunha maior intensidade na defensa dos puntos acordados no Parlamento Galego no Pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018. De forma especial, a Xunta deberá:

a) insistir á compañía Alcoa para que retire o expediente de extinción de emprego.

b) impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantenemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas electrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

2. Demandar do goberno central a intervención pública en Alcoa Coruña a través da SEPI."

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

130939

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40224
Data envio: 14/11/2018 12:37:35.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2018 12:32:45

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2018 12:32:53

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2018 12:32:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2018 12:32:56

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2018 12:32:58

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2018 12:33:04

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 13:08
Nº Rexistro: 40232
Data envio: 14/11/2018 13:08:18.610

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa dos seus deputados Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez e das súas deputadas Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o apoio ao funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-202 ten por obxecto apoiar, dentro do "mapa de emerxencias de Galicia", o funcionamento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal.

Os GES cobren zonas rurais e concellos de menos de 20.000 habitantes. Na actualidade, as 300 persoas que conforman os GES prestan servizo a 174 concellos, dos 313 concellos existentes.

No convenio vixente, no relativo ás competencias correspondentes á Xunta de Galicia, establecese que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente, a Dirección Xeral de

Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura. Pola súa banda, a Consellería de Medio Rural é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Ás Deputacións Provinciais correspóndelles a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e en particular, participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal. De acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias garantindo a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non conten con servizos propios.

Pola súa banda, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte ás súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Co convenio orixinal (asinado en 2012 e vencido a 31 de decembro de 2015), prorrogado nunha primeira ocasión ata o 31 de decembro de 2018, prantéxase agora a posibilidade de prorrogalo outros tres anos, ata o 31 de decembro de 2021.

Nos diversos convenios asinados entre Xunta, Fegamp e Deputacións, entre as labores dos GES, ademais das típicas das emerxencias cotiás encárganselles labores de desbroce, tarefa totalmente incompatible coas emerxencias, xa que merma a calidade de resposta ante tales incidencias, ao ser estes servizos de

resposta inmediata, tal e como se recolle na lexislación (Lei PC 17/2015 e Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia), así como traballos que non se poden catalogar como parte das emerxencias, deixando unha parte do convenio ao criterio do alcalde/alcaldesa de cada concello, para que dispoñan desta maneira libremente dun servizo ao seu antollo, encomendándolles traballos de barrendeiros/as municipais, construción, persoal para montar postos nas festas populares, persoal de vías e obras, etc. malversando un servizo que debe estar adicado á atención das emerxencias.

Baixo o prisma do Partido Popular, a esencia da creación dos GES era, non so que os concellos dispuxeran dun servizo municipal de emerxencias controlado directamente polas alcaldías e financiado pola Xunta e a Deputación, senón que ese carácter municipalista se traducira nun catálogo de funcións non escrito ao servizo do poder municipal.

Como é comprensible, os/as profesionais dos GES queren rematar con esa utilización pseudocaciquil que nada ten que ver co que deberían ser as súas funcións, pero as alcaldías non van prescindir facilmente dese control e desa multifuncionalidade operativa, debido á cal, en moitos concellos os GES poderían cualificarse como servizos públicos de terceira división: sen instalacións axeitadas, sen materiais adecuados, contratados en categorías que non lle corresponde, facendo tarefas que non lles competen, etc. Pola precariedade das condicións, no seu traballo ven como se vulneran leis básicas como a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

Segundo o convenio en vigor, a Xunta -a través de Vicepresidencia e da Consellería de Medio Rural- financia o 60% do custe, os concellos un 20% e a deputación respectiva o 20% restante.

Algúns concellos comprometéronse en facer dos GES uns grupos de emerxencias dedicados única e exclusivamente ás emerxencias, onde se fan quendas de 24h,

teñen categoría e soldo acorde as súas funcións e cumpren cun servizo de calidade para a cidadanía, pero isto so se da nalgúns concellos, polo que dende En Marea entendemos cómpre afastar o servizo dos GES da dependencia inmediata das alcaldías, posto que os concellos non deberan asumir o papel de control que teñen actualmente e os GES deberan pertencer a un consorcio provincial público, financiado pola Xunta ao 50% e polas Deputacións ao 50%.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no seu artigo 36 como competencia propia das Deputacións, "a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal, e no seu caso, supracomarcal", polo que dende En Marea entendemos que as emerxencias, dentro das que se engloban o servizo dos GES, debe ser asumido polas deputacións, non polos concellos, pois que un concello preste un servizo supramunicipal vai contra o estipulado normativamente.

O artigo 24 da citada Lei establece que "para facilitar a participación cidadá na xestión dos asuntos locais e mellorar esta, os municipios poderán establecer órganos territoriais de xestión desconcentrada, coa organización, funcións e competencias que cada concello lle confira, atendendo ás características do asentamento da poboación no termo municipal", non facendo mención, en ningún momento, ao termo supramunicipal.

O artigo 25 da mesma Lei establece que para a xestión dos seus intereses, os municipios terán competencia para, entre outros aspectos, a protección civil, prevención e extinción de incendios. Estas competencias enténdese son de ámbito municipal, nunca supramunicipal, motivo polo cal naceron, por exemplo, os parques dos consorcios dende os consorcios dependentes das deputacións.

Por iso tamén, o financiamento dos servizos dos GES debe ser o mesmo que o dos consorcios provinciais contra incendios e salvamento: 50% Xunta e 50% deputacións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 13:08
Nº Rexistro: 40232
Data envio: 14/11/2018 13:08:18.610

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Afastar o servizo dos GES da dependencia inmediata das alcaldías, encomendándoos ás Deputacións ou Consorcios Provinciais.

2. Garantir que o financiamento do servizo dos GES non teña participación municipal, repartíndose o mesmo entre Xunta e Deputacións.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/11/2018 13:05:04

Carmen Santos Queiruga na data 14/11/2018 13:05:13

David Rodríguez Estévez na data 14/11/2018 13:05:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 13:08
Nº Rexistro: 40232
Data envio: 14/11/2018 13:08:18.610

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 14/11/2018 13:05:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40237
Data envio: 14/11/2018 17:09:14.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as interrupcións voluntarias do embarazo, o número de derivacións a clínicas privadas e o uso de métodos anticonceptivos en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as cifras proporcionadas polo Ministerio de Sanidade no último ano do que se dispón de datos, en Galiza practicáronse en 2016, 3.140 interrupcións voluntaria do embarazo (IVEs). Delas, o 88% foron levadas a cabo en centros privados (2.788) fronte a apenas 352 que tiveron lugar na rede sanitaria pública galega o que evidencia que a inmensa maioría dos abortos son derivados no noso país a clínicas privadas.

Así mesmo, no informe publicado polo Ministerio sinálase que o 48% das Interrupcións Voluntarias do Embarazo (IVEs) que teñen lugar en Galiza resultan de embarazos non desexados froito de relacións sexuais nas que, segundo declaran as propias mulleres, non se utilizou ningún método anticonceptivo (1.506).

Isto é, en case a metade dos casos non se utilizou preservativo ou algún outro método. Algo especialmente grave se temos en conta que os riscos en relacións sexuais sen protección van alén dos embarazos non desexados e teñen a ver tamén coa transmisión de ETS.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40237
Data envio: 14/11/2018 17:09:14.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando observamos o perfil demográfico que describen as cifras vemos que aquelas mulleres que declaran non ter usado ningún método anticonceptivo sitúanse maioritariamente en niveis de instrución altos:

Bacharelato e Ciclos FP (763)

Escolas Universitarias e Facultades (355)

ESO e Equivalentes (326)

É evidente que algo está a fallar en materia de educación sexual especialmente entre a mocidade. Neste senso, persoas expertas do ámbito da sexoloxía e da saúde emocional na infancia e a adolescencia teñen denunciado a falta de formación e información a este respecto nas aulas que fica, as máis das veces, reducida apenas a obradoiros puntuais polo que teñen reclamado, en non poucas ocasións, a necesidade de incluír, como materia específica, a educación sexual.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un estudo integral entre o conxunto da poboación, prestando especial atención á mocidade, en materia de afectividade e educación sexual encamiñado a elaborar unha diagnose que permita determinar, entre outras cuestións, o grao de coñecemento ao respecto, a pervivencia e reprodución de estereotipos, prexuízos e roles –tamén de xénero-- así como as causas que explican as prácticas sexuais de risco, especialmente o non uso de métodos anticonceptivos, no noso país.

130948

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40237
Data envio: 14/11/2018 17:09:14.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A partir dos datos do estudo, elaborar de maneira dialogada coa comunidade educativa así como con profesionais da sexoloxía e a saúde emocional na infancia e a adolescencia, un Plan galego de educación sexual e afectividade."

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2018 16:50:12

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2018 16:50:17

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2018 16:50:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40237
Data envio: 14/11/2018 17:09:14.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2018 16:53:47

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2018 16:53:49

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2018 16:53:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40256
Data envio: 14/11/2018 18:39:51.951

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40256
Data envio: 14/11/2018 18:39:51.951

O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar plans de continxencia axeitados que permitan contar cos medios suficientes e cunha drenaxe correcta en tempo e forma.
- Incrementar os efectivos profesionais nos servizos de urxencias tanto de atención primaria como de atención especializada de xeito permanente, acordando coas representantes sindicais das e dos traballadores as melloras necesarias no inmediato.
- Proceder á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario para absorber as necesidades de ingresos hospitalarios.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40256
Data envio: 14/11/2018 18:39:51.951

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Recuperar as prazas amortizadas tanto en atención primaria como hospitalaria, negociando coas representantes sindicais a súa oferta pública.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/11/2018 18:34:40

Luis Villares Naveira na data 14/11/2018 18:34:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40258
Data envio: 14/11/2018 19:02:24.702

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

Cada vez estase a evidenciar máis a falta de recursos na Atención Primaria, consecuencia das políticas de recortes e da nula vontade política de reverter as mesmas ante a suposta recuperación económica que anuncia o Goberno.

As políticas de recortes no investimento público e a falta dunha boa planificación provocan especial repercusión na falta de profesionais, situación que impide dar unha cobertura de prazas axeitadas.

A falta de pediatras esta directamente relacionada cunha mala xestión do Goberno, que demostra incapacidade de reacción ante esta situación.

O caso da perda dunha praza no Centro de Saúde de Aldán- O Hío, é unha mostra máis de como esta situación esta deteriorando pouco a pouco a calidade asistencial, xa que nesta caso, a desaparición da praza, provoca un aumento da ratio de cartillas que terán que asumir os pediatras que quedan e que polo tanto, provocará unha masificación de cupos, tendo en conta que o total de menores en Cangas é de 3.564.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40258
Data envio: 14/11/2018 19:02:24.702

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Realizar, no menor tempo posible, as xestións oportunas para a cobertura da praza de pediatría do Centro de Saúde de Aldán.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/11/2018 19:01:29

Luis Villares Naveira na data 14/11/2018 19:01:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40264
Data envio: 14/11/2018 19:17:47.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

O Hospital do Salnés é un exemplo moi claro do proceso de desmantelamento dos hospitais comarcais no Servizo Galego de Saúde que se ten agudizado coa entrada en vigor da modificación da Lei de Saúde de Galicia.

As denuncias por peche de servizos e a falta de persoal en comparativa co resto de hospitais do SERGAS xa era unha característica propia deste hospital. De feito, servizos que nun principio pechaban en determinadas datas, agora permanecen pechados de xeito constante, como sucede coa terceira planta deste hospital.

Unha vez máis, o persoal do hospital e concretamente o persoal de enfermería, denunciou a saturación e sobrecarga asistencia que existe nas dúas plantas que permanecen abertas e nas urxencias. O peche da terceira planta, provoca demoras importantes na hospitalización ao non existir nin o espazo nin o persoal axeitado que poida facer fronte á mesma, consecuencia dos recortes efectuados durante todos estes anos

O desborde de traballo no persoal que leva anos denunciando a necesidade de aumentar a plantilla xa que non se están nin sequera a cubrir baixas ou vacacións, ten unha consecuencia directa na calidade asistencial.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40264
Data envio: 14/11/2018 19:17:47.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a abrir de xeito permanente a terceira planta do Hospital, dotando ao mesmo do persoal necesario para cubrir a demanda e dar unha asistencia sanitaria de calidade, tanto nas tres plantas como nas urxencias.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/11/2018 19:07:21

Luis Villares Naveira na data 14/11/2018 19:07:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40266
Data envio: 14/11/2018 19:36:01.080

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Os estaleiros da ría Ferrol dedicados á construción militar e civil, reparacións e fábrica de turbinas, xeran ao redor de 2.200 empregos directos e 10.500 indirectos. O que supón o 22 % da contribución do emprego industrial da provincia, achegando o 24 % do PIB industrial provincial.

Do mesmo xeito que están a facer, os máis modernos estaleiros da nosa contorna, tense que acometer a modernización organizativa e física das instalacións e métodos de traballo de Navantia, de forma que poidamos ir crecendo de maneira acorde coa dos nosos competidores.

Navantia ten que dotar as instalacións das ferramentas necesarias, para poder seguir á vangarda nun mercado de gran expansión e no que xa estamos posicionados, sen renunciar a novas actividades como a eólica mariña, o desenvolvemento de novos sistemas ou a posta en actividade das fábricas de motores e turbinas que actualmente traballan moi por baixo das súas capacidades.

Por iso os o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Adoptar as medidas necesarias para apoiar o proxecto de modernización e desenvolvemento do Estaleiro 4.0 na ría de Ferrol.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40266
Data envio: 14/11/2018 19:36:01.080

2º) Desenvolver iniciativas no ámbito formativo da FP e da investigación para o sector naval de Ferrol.

3º) Desenvolver un plan integral de apoio á industria auxiliar do naval na Ría de Ferrol que contemple accións no ámbito do financiamento e na innovación dos procesos produtivos..

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40266
Data envio: 14/11/2018 19:36:01.080

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40266
Data envio: 14/11/2018 19:36:01.080

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/11/2018 19:33:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/11/2018 19:33:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/11/2018 19:33:35

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40267
Data envio: 14/11/2018 19:36:27.594

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A política levada a cabo por este Goberno no que se refire ás oficinas agrarias comarcais, os seus cometidos e a política de persoal é un claro signo do abandono ao que está sometido o sector agrogandeiro. Non existe ningún tipo de planificación, senón que as baixas e amortizacións de persoal se fan sen ningún tipo de criterio, sen ter en conta o peso que poida ter a actividade agrogandeira na zona, o número de afectados ... etc.

O baleiro de contido e de traballos a realizar foi paulatino de tal forma que, en moitos casos, as oficinas agrarias comarcais, que noutros tempos desenvolveron un papel fundamental de dinamización e de asesoramento, vense reducidas moitas delas a un papel de simples tramitadoras e de inspección.

Ademais, danse casos nos que, debido á sobrecarga de traballo do escaso persoal co que contan algunhas oficinas, implica retrasos na tramitación dos expedientes, facendo que, ás veces, non se poidan cumprir os prazos esixidos nas convocatorias e ocasionando os correspondentes inconvenientes para os e as propietarias das explotacións.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que as oficinas agrarias comarcais recuperen as funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores das zonas correspondentes, dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40267
Data envio: 14/11/2018 19:36:27.594

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40267
Data envio: 14/11/2018 19:36:27.594

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/11/2018 12:57:56

Raúl Fernández Fernández na data 14/11/2018 12:58:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/11/2018 12:58:10

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40277
Data envio: 15/11/2018 10:14:03.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días goberno central, a través do Ministro de Fomento, lanzou unha proposta que abre a porta a impor peaxes en todas as autovías.

Desde o BNG queremos amosar a nosa rotunda oposición a esta medida polas seguintes razóns:

1º- é unha medida regresiva, que só ten afán recadatorio: as e os cidadáns xa contribuímos cos nosos impostos á pagar a construción e mantemento das autovías,

2º- discrimínanos como galegas e galegos, pois detrás da apelación a unha suposta igualdade no pago de peaxes nas autovías, escóndese unha discriminación: os galegos e galegas temos salarios e as pensións das máis baixas do estado, polo que teríamos que facer un esforzo maior.

3º- pon en risco a seguridade viaria establecendo barreiras económicas para o acceso a vías máis seguras,

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40277
Data envio: 15/11/2018 10:14:03.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º- lastra o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza, pois imporá novas peaxes para a distribución e barreiras para exportación de mercadorías producidas na Galiza.

Cómpre deixar clara a resposta ante esta medida, que só agravaría a discriminación que ben sufrindo Galiza en relación coas peaxes que vimos soportando nas autoestradas que dependen do estado.

Polo dito formulamos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza amosa a súa rotunda oposición á intención do goberno central de estabelecer peaxes nas autovías, por consideralo unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, pon en risco a seguridade viaria e que supón un atranco o desenvolvemento económico é a cohesión social na Galiza."

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

130966

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40277
Data envio: 15/11/2018 10:14:03.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 10:08:48

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 10:08:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 10:08:54

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 10:08:55

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 10:08:57

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 10:09:00

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:52
Nº Rexistro: 40283
Data envio: 15/11/2018 10:52:19.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Estado, a través do ministro de Fomento José Luís Ábalos, vén de lanzar o "globo sonda" do pagamento de peaxes nas autovías e autoestradas que actualmente están libres de pagamento polas persoas usuarias. Trátase dun anuncio que vai na liña das propostas das grandes construtoras e que ten como obxectivo penalizar aínda máis a particulares e transportistas polo uso de vías de alta capacidade.

En Galiza chove sobre mollado. A situación da AP 9 é absolutamente escandalosa e inasumíbel, con subas das peaxes de máis do 40% desde o ano 2010, cun incremento do 4% no que vai de ano, con novas subas abusivas anunciadas para os vindeiros meses. E sen apenas bonificacións para persoas e empresas que fan un uso habitual desta infraestrutura.

O mesmo ocorre coa autoestrada AP 53 entre Santiago e Lalín, que ademais de ter un custo moi elevado, ten graves carencias nas vías de acceso e

130968

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:52
Nº Rexistro: 40283
Data envio: 15/11/2018 10:52:19.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saída. Neste caso dáse ademais o agravio do cobro da peaxe no treito Santiago-Lalín, de titularidade estatal, e a gratuidade no treito Lalín-Ourense, de titularidade autonómica.

Na rede de vías de alta capacidade de titularidade autonómica tamén se producen agravios no caso da autovía AG55 A Coruña-Carballo e na AG 57 Vigo-Val Miñor.

Desde o BNG entendemos que se debe avanzar na supresión das peaxes, especialmente no caso de autoestradas como a AP9 que teñen períodos de concesión que xa chegan aos 40 anos e que supuxeron ao longo deste tempo e supoñen un gran negocio para a concesionaria. Cómpre neste sentido ter en conta que outras autoestradas coetáneas da AP9 van quedar libres de peaxes nos anos 2019-2021.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno do Estado para:

1. Manifestar o seu rexeitamento ao establecemento de novas peaxes nas autoestradas que manexa como opción o Ministerio de Fomento.

2. Demandar que se asuman con cargo aos orzamentos do Estado os incrementos de peaxes da AP 9 derivados da sinatura de convenios coa

130969

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:52
Nº Rexistro: 40283
Data envio: 15/11/2018 10:52:19.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concesionaria en 2011 e 2013, que se establezan bonificacións que permitan baixar o prezo da peaxe, e que se encargue un estudo para o rescate da concesión e a supresión das peaxes na AP 9.

3. Axilizar a transferencia a Galiza da titularidade e a xestión da AP 9 e, en resposta ao consenso amosado polo Parlamento galego, incluír este tema na axenda da comisión mixta Xunta-Estado co obxecto de facela realidade no primeiro semestre de 2019.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

130970

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:52
Nº Rexistro: 40283
Data envio: 15/11/2018 10:52:19.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 10:35:55

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 10:36:00

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 10:36:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 10:36:03

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 10:36:04

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 10:36:05

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40327
Data envio: 15/11/2018 14:07:50.973

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de outubro unha vaga de frío con nevaradas en cotas moi baixas para esa época do ano provoca cuantiosos danos nas comarcas da montaña de Lugo principalmente. O Courel, O Incio, A Fonsagrada son algunhas das zonas con maior afectación.

A inesperada aparición dunha copiosa nevarada, cando as caducifolias vestían aínda toda a súa folla provocou un desastre natural nelas esgazando pólas a eito. Esta rotura e esgazamento traduciuse en bloqueos de estradas, pistas e camiños, rotura de árbores novas, rotura de polas de folla caduca nas beiras dos ríos e nos espazos onde reina o castiñeiro a perda case total da colleita.

As consecuencias son aínda "incomprensiblemente" visibles. A día de hoxe os camiños de terra non se tocaron, as estradas locais e provinciais están afectadas, os ríos e regatos teñen demasiadas pólas que poden levar a taponamentos e obstrucións cando o caudal aumente, o Camiño de Santiago está interrompido en varios tramos...

130972

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40327
Data envio: 15/11/2018 14:07:50.973

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero o máis salientable é a desfeita nos carballos, castiñeiros e demais caducifolias que será preciso tratar con podas axeitadas e repoñer con exemplares adecuados. Non se trata de regalar plantas senón de deseñar unha acción de restauración debidamente planificada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Axilizar os traballos de limpeza de vías no que sexa da súa competencia e coordinar a restauración da normalidade nas comarcas afectadas.

-Facer unha estimación de danos e establecer liñas de axuda para paliar os máis importantes.

-Planificar e levar a cabo unha restauración no arboredo caducifolio das comarcas afectadas principalmente en carballeiras, soutos e froiteiras.

-Impulsar as xestións necesarias para que se acometa a limpeza de ríos e regatos das zonas afectadas."

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

130973

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40327
Data envio: 15/11/2018 14:07:50.973

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 14:03:55

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 14:04:00

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 14:04:02

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 14:04:04

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 14:04:05

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 14:04:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envio: 15/11/2018 17:01:56.899

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás queixas presentadas por pais e nais de nen@s ingresad@s en oncoloxía pediátrica do CHUS polas deficiencias existentes no servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pais e nais de nen@s ingresad@s na área de Oncoloxía pediátrica do CHUS veñen de presentar diversas queixas pola situación na que se atopa o servizo, que van desde o mantemento do material, a limpeza, a insuficiencia de habitacións en xeral e de illamento en particular o que supón un gravísimo risco para a saúde d@s nen@s en especial @s inmunodepremid@s.

Denuncian que o material está estragado e non se repón, hai camas nas que dá o sol directo e nas ventás non se pode regular a luz, mandos eléctricos das camas que non traballan, colchóns rompidos, buratos nas duchas, papel das paredes despegado, mesas de apoio esnaquizadas e oxidadas, cadeiras-sofá rompidas, armarios cotrosos, roupa da cama con buratos e remendos, árbores de medicamentos que non andan, unha pesa única para todas as habitacións…).Incluso denuncian que teñen que traer os núcleos de enchufes para ter suficientes conexións para as máquinas dos tratamento d@s seus fill@s, limpeza deficiente.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envio: 15/11/2018 17:01:56.899

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Engaden a inexistencia de ningún espazo común específico para oncoloxía pediátrica, a que en principio sería a zona destinada a este fin está dedicada a Infantosiquiatría, moi importante tendo en conta que na maioría dos casos os ingresos son moi longos.

Outra das denuncias ten a ver cos controis nas Consultas externas, que supoñen un martirio: o tempo de espera é sempre dunhas tres horas de media porque citan a tod@s @s nen@s para a mesma hora. A sala de espera é insuficiente e mal dotada, só unha cadeira de adultos e literalmente non se colle. Tras facer a analítica, non se lles facilita almorzo nunha zona apropiada para nen@s inmunodepremid@s, teñen que ir a almorzar á cafetería do hospital, co risco que isto supón, xa que non é un espazo seguro que sería imprescindíbel para evitar contaxios. A todo isto hai que engadir as moitas dificultades e o prezo do aparcamento.

A denuncia máis grave é a referida á insuficiencia de habitacións para ingresos de inmunodepremid@s. Denuncian que só existen catro habitacións de illamento cotadas como tales. Que é habitual que cheguen nen@s sen defensas e que teñan que estar esperando horas na sala de curas ou na Aula Andrea, que o illamento se faga en habitacións normais que non contan coa presión de aire positiva necesaria para este tipo de pacientes inmunodepremid@s., a convivencia na área de oncoloxía con habitacións de escolares, co risco que isto supón, arrefriados, constipados ou calquera outro virus, ou que moi frecuentemente @s nen@s de oncoloxía ubícanos en habitacións de escolares, o que supón un trato desigual, xa que estas habitacións non teñen os mesmos servizos e tampouco levan unha limpeza a maiores. A situación chegou a tal gravidade que hai uns días o alicatado do baño dunha habitación na que estaban nen@s en illamento veuse abaixo podendo causar unha desgraza, e procedeuse á súa reparación sen sacar ao neno da habitación que comparte entrada con esta, con todo o que supón a obra de po e entrada e saída con materiais de construción.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envio: 15/11/2018 17:01:56.899

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Denuncian que as carencias e irregularidades moi graves que se acaban de relatar só se van superando polo bo facer do persoal.

Ao Bloque Nacionalista Galego parécelle moi grave a situación que veñen de denunciar nun servizo cunha patoloxía tan sensíbel como é a oncolóxica en xeral e máis cando se trata de nen@s o que debería requirir extremar tanto os coidados como a atención que reciben, e todo indica que non está a acontecer.

É urxente solucionar a situación e por esta razón presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para dimensionar a área de oncoloxía pediátrica do CHUS, de xeito que poida dar resposta á demanda existente, en especial:

-Aumentar o número de habitacións da área.

-Aumentar o número de habitacións para illamento de doentes.

-Dotar a área dunha zona común equipada

-Repoñer e reparar todo o material que se atopa estragado na área.

-Mellorar a limpeza que se leva a cabo en toda a área.

2.- Proceder a mellorar as estadías nas consultas externas d@s nen@s que acoden a oncoloxía pediátrica.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envio: 15/11/2018 17:01:56.899

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Habilitar unha sala de espera cuns niveis de confortabilidade acorde á gravidade da patoloxía e aos elevados tempos de espera, a empezar por cadeiras axeitadas e en número suficiente.

-Dispensar almorzos ou outras dietas @s nen@s que o precisen nun espazo protexido, sen que se vexan obrigados a ir á cafetería.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 16:59:58

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 17:00:02

130978

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40346
Data envio: 15/11/2018 17:01:56.899

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 17:00:04

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 17:00:05

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 17:00:06

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 17:00:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:43
Nº Rexistro: 40354
Data envio: 15/11/2018 17:43:02.180

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados, **Francisco Casal Vidal e Manuel Lago Peñas** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª,** relativa ás consecuencias para o emprego industrial e a industria galega do automóbil do ERTE plantexado pola empresa PSA-Citroën en Vigo.

Exposición de motivos

A dirección de PSA-Citroën de Vigo propuxo fai uns días aos sindicatos os puntos chaves do expediente de regulación de emprego temporal (ERTE) que aplicaría a inicios de 2019 para facer fronte á baixa demanda de algúns modelos que se fabrican nesta planta.

Plantéxanse dúas posibilidades: ERE temporal de 100 días para 800 traballadores ou ben suprimir unha das dúas quendas da liña 1, onde se fabrican Peugeot 301 e Citroën C-Elysee – os afectados pola baixa demanda- e entón o ERTE sería de 50 días e para 400 operarios.

Consideramos que habería que buscar alternativas para minimizar o impacto do ERTE, tendo en conta que os traballadores da Liña 1, levan sendo penalizados desde setembro deste ano, coa sucesión de días de parada motivados pola baixa demanda dos modelos que fabrica.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:43
Nº Rexistro: 40354
Data envio: 15/11/2018 17:43:02.180

Consideramos tamén que o ERTE non pode ser a única alternativa a esta situación tendo en conta que na factoría hai 2.100 traballadores eventuais e de subcontratas. Hai que buscar solucións antes que mandar á xente para a casa.

Por iso unha posible alternativa sería repartir a carga de traballo, e non a precariedade, entre as dúas liñas de produción da factoría tomando como exemplo aquela na que se trasladou parte da produción de furgonetas á Liña 1 de produción. Isto implicaría investimentos para adecuar a plataforma da Liña 1, investimentos que a empresa parece non querer facer, optando pola vía máis fácil e prexudicial para os traballadores como é o ERTE.

Ante esta situación consideramos que a Xunta de Galicia ten que intervir e colaborar para chegar á mellor solución a este problema, co menor prexuízo posible para as e os traballadores e a todo o sector automobilístico galego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Intervir de maneira activa e propositiva na negociación do ERTE de PSA-Citroën para chegar a unha solución cos menores prexuízos posibles para ás e os traballadores.

2.- Desenvolver un estudo técnico en colaboración con PSA-Citroën, Industria Auxiliar do Automóbil e a representación dos traballadores, para acadar as mellores propostas que dende o punto de vista laboral, técnico e industrial permitan dar solucións a estes problemas puntuais da factoría ensambladora.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:43
Nº Rexistro: 40354
Data envio: 15/11/2018 17:43:02.180

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

3.- Instar a PSA-Citroën a facer as inversións necesarias para dar máis flexibilidade á Liña 1 de produción da factoría para así poder xestionar mellor as variacións do mercado en algúns modelos.

4.- Desenvolver estudos técnicos, industriais e laborais sobre a incidencia deste tipo de ERTE´S sobre as empresas auxiliares de PSA-Citroën en Galicia, e desta maneira poder propoñer posibles solucións.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Deputados do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/11/2018 17:39:51

José Manuel Lago Peñas na data 15/11/2018 17:40:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:43
Nº Rexistro: 40354
Data envio: 15/11/2018 17:43:02.180

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 15/11/2018 17:40:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:07
Nº Rexistro: 40357
Data envio: 15/11/2018 18:07:49.317

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Luís Villares Naveira e das súas deputadas Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª.**

Exposición de motivos

A redución dun profesor nas aulas do colexio Virxe da Luz de Portomarín fixo que se tiveran que agrupar o alumnado de 3 grupos de primaria. O ano pasado este colexio xa tivera que agrupar dous cursos nun, e cun só menor contaban cun profesor máis.

A directora do colexio comunicou esta situación á comunidade escolar no mes de setembro, cando xa se iniciara o curso, o que imposibilitou a procura dunha solución ao problema.

Esta situación é preocupante xa que obriga a tres grupos de primaria a concentrarse nun só grupo coa perda de calidade da docencia xa que as necesidades dos menores son diferentes.

Segundo o alcalde o problema é da dirección do centro, posto que hai 4 profesores no centro e outros catro de apoio para 38 alumnos. Segundo a súa opinión "Se houbera organización podíase facer desdobramento de grupos e incluso buscar un profesor de apoio"

A ANPA que se reuniu con Educación non está conformes coa postura da mesma sobre as ratios que, segundo lle comunicou o inspector de Educación, están dentro da normalidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:07
Nº Rexistro: 40357
Data envio: 15/11/2018 18:07:49.317

A cuestión da redución de profesorado levarase ante a Consellería de Educación e ante a Valedora do Pobo .

O caso que estamos a vivir en Portomarín non é unha excepción na provincia de Lugo e Ourense nin no interior de Pontevedra ou a Coruña. Sen ir máis lonxe, no veciño Concello do Páramo as nenas e nenos están sufrindo unha situación idéntica.

Esta situación provoca falta de igualdade de oportunidades nas nenas e nenos de escolas rurais que ven como por cada hora de clase, a necesidade de repartir os tempos de ensinanza entre 3 niveis diferentes, determina menos de vinte minutos de dedicación por nivel, algo que contrasta coa normalidade no que vive o alumnado que estuda en centros das cidades.

A maiores, cómpre indicar que a diferente etapa de madurez intelectual e persoal dos nenos e nenas fan que o sistema de levanza da docencia non sexa o idóneo e a perda de tempo en cada aula a consecuencia das diferentes necesidades pedagóxicas asociadas ao propio comportamento e as diferentes dinámicas grupais condicionen completamente o desenvolvemento da función docente.

A inequidade do acceso da poboación rural ao dereito fundamental, a educación, é evidente.

É lamentable que esta situación se produza mentres se leva anunciado dende hai dous anos como a lexislatura do rural de Feijóo, que realmente condena ás pequenas vilas do interior de Galicia, retirando profesores dos centros educativos para que a xente teña que emigrar á cidade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:07
Nº Rexistro: 40357
Data envio: 15/11/2018 18:07:49.317

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. garantir o dereito a recibir educación no rural sen que poida existir discriminación entre menores da cidade e menores do rural polo acceso aos recursos educativos en materia de profesorado.

2. Que se reincorpore o profesor anulado, para que non se teñan que agrupar tres cursos nun, tanto no caso do colexio de Portomarín como de todos aqueles centros do entorno rural que se atopan en situación análoga.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/11/2018 18:05:58

Luca Chao Pérez na data 15/11/2018 18:06:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:07
Nº Rexistro: 40357
Data envio: 15/11/2018 18:07:49.317

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/11/2018 18:06:14

Paula Vázquez Verao na data 15/11/2018 18:06:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40363
Data envio: 15/11/2018 18:18:17.618

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao incremento das contías económicas e do público albo das axudas periódicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 7 de agosto de 2007 publicábase no Diario Oficial de Galiza o texto da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, unha lei pioneira que saíu adiante grazas ao necesario debate e consenso político arredor dun problema que debe ser central na sociedade nas institucións políticas, a violencia machista. Nesta recollíanse un amplo abano de "*medidas conducentes a coordinar e planificar os recursos necesarios a través dunha correcta rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda.*" que foron evoluíndo durante estes anos, nos que o movemento feminista conseguiu dar meirande visibilidade e importancia a esta cuestión.

Este texto legal recolle no seu *Artigo 3.-Formas de violencia de xénero*, no apartado c) a Violencia económica descrita da seguinte maneira "*que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40363
Data envio: 15/11/2018 18:18:17.618

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella." Así mesmo, nos principios xerais que rexen a lei recóllese que "*As administracións públicas procurarán en todo momento que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica a través dos recursos axeitados.*" como un dos elementos centrais para saír da espiral de violencia e para evitar a revitimización. Así mesmo, incluíase na citada lei o artigo 35, no que se prevían medidas "*Co fin de favorecer a integración sociolaboral das mulleres que sofren violencia de xénero*" prevendo para tal efecto, entre outras, axudas económicas nos cursos de formación ocupacional.

Estas cuestións dan idea da importancia que ten todo o referido ao aspecto económico para abordar o tratamento integral e efectivo da violencia machista. Máis aínda, tendo en conta a discriminación estrutural da muller no ámbito laboral, é menester arbitrar medidas que garantan a autonomía económica das vítimas, como aspecto imprescindíbel para superaren esta violencia.

Como ferramenta para intervir neste ámbito, no *Capítulo V* recóllense *Medidas de carácter económico* e a lei, no seu texto orixinal, recollía no Artigo 39 o seguinte:

Artigo 39.-Prestacións periódicas.

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, establecerá unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e a tentar axudarlle a romper coa situación de violencia.

130989

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40363
Data envio: 15/11/2018 18:18:17.618

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Esta prestación aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas no artigo 5 desta lei, e será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

Despois de ser aprobada esta lei, os diversos gobernos galegos foron poñendo en práctica esta axuda. Andado o tempo fixéronse evidentes eivas na súa aplicación que era preciso corrixir, a comezar pola súa disponibilidade todo o ano. É por iso que, varios anos despois da aprobación desta lei, froito da evolución da maduración que supuxo a súa posta en práctica e dun profundo debate arredor da cuestión, o Parlamento Galego impulsou, por unanimidade e a iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, unha modificación para estender a cobertura destas axudas a todo o ano e a elaboración dunhas bases reguladoras en consonancia, quedando o artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia.

130990

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40363
Data envio: 15/11/2018 18:18:17.618

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Xunta de Galicia regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas das formas de violencia de xénero sinaladas nas alíneas a), Violencia física, b), Violencia psicolóxica, e f), Trata de mulleres e nenas, do artigo 3.»

No ano 2017 no Pleno do Parlamento Galego aprobouse unha moción impulsada polo Bloque Nacionalista Galego que recollía entre outras medidas o incremento dos recursos económicos destinados ás vítimas. Para este ano e o presente, a Xunta de Galiza aumentaba os recursos destinados ás partidas correspondentes, mais sen supoñer un aumento das contías a percibir polas vítimas.

No ano 2018, cunha maior capacidade orzamentaria e cunha esixencia social de meirande compromiso contra a violencia machista e a prol da igualdade, visibilizada no histórico 8 de marzo de 2018, o Bloque Nacionalista Galego entende que é hora de dar un paso máis. Máis dunha década despois da aplicación da lei de 2007 e despois dos consensos acadados no 2016, entendemos que cómpre fixar un aumento para as contías destinadas, cando menos, ás axudas periódicas para as vítimas de violencia de xénero. Un paso perfectamente posíbel do punto de vista orzamentario e absolutamente necesario do punto social. Un paso adiante que debe garantir maior independencia económica a estas mulleres e ser a panca de impulso para abrir tamén o debate sobre a necesidade de aumento doutro tipo de axudas e medidas económicas emanadas ao abeiro da lexislación en materia de violencia machista.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40363
Data envio: 15/11/2018 18:18:17.618

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos, proponse a modificación do artigo 4 das bases reguladoras contempladas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo para incluír: unha suba lineal das contías a percibir de, cando menos, o 30% así como a creación dun novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda ≥ 1,5 veces IPREM e ≤ 2 veces IPREM como punto de partida, engadindo as situacións xa recollidas nas bases reguladoras (menores a cargo, discapacidade e dependencia) e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Modificar o artigo 4 das bases reguladoras contempladas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo de cara a incluír:

a) unha suba lineal das contías a percibir de, cando menos, o 30%

130992

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40363
Data envio: 15/11/2018 18:18:17.618

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) a creación dun novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda ≥ 1,5 veces IPREM e ≤ 2 veces IPREM como punto de partida, engadindo as posíbeis situacións complementares (menores a cargo, discapacidade e dependencia) xa recollidas nas bases reguladoras e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

2. Aplicar o recollido no punto 1 na Resolución que dite para o ano 2019 cando convoque a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

130993

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40363
Data envio: 15/11/2018 18:18:17.618

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 18:12:55

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 18:13:01

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 18:13:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 18:13:04

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 18:13:06

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 18:13:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:39
Nº Rexistro: 40339
Data envio: 15/11/2018 16:39:39.045

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario de En Marea, **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**, a través dos seus portavoces e ao abeiro do disposto no artigo 44 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia en Comisión permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG,** do **director xeral da CRTVG**, para dar explicacións sobre os problemas técnicos xurdidos o 15 de novembro que levaron a interrupción da programación en directo na TVG.

Pazo do Parlamento, 15 de novembro de 2018

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz G.P. En Marea
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/11/2018 16:32:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/11/2018 16:36:09

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 16:39:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40002
Data envio: 08/11/2018 18:34:38.167

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

O transporte sanitario terrestre é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

O Sergas sacou a concurso e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre, no que as empresas presentaron ofertas á baixa. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutiría nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

Os temores estanse a verificar en feitos, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial.

As empresas concesionarias do servizo pretenden que sexan @s traballadores/as @s as que carguen cos custe. Alegan que os orzamentos dos contratos non lles dan para cubrir os gastos do servizo e, aproveitándose das facilidades introducidas polas

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40002
Data envio: 08/11/2018 18:34:38.167

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reformas laborais, propoñen rebaixas nas condicións laborais e salariais, mesmo teñen solicitado unha inaplicación do convenio que contempla un aumento de horas de traballo, a rebaixa das melloras sociais e unha redución salarial. Xa se ten producido o empeoramento das condicións laborais no que ten que ver co aumento de horas e o incremento, de entre un 10 e un 20%, da carga de traballo a consecuencia do incremento parello dos servizos que ten que atender o 061 tanto urxentes como non urxentes, aumentou o número de servizos, pero non os cadros de persoal. As traballadoras e traballadores son quen sofren as consecuencias.

A patronal do sector está a bloquear calquera posibilidade de negociación e incluso ameaza con despedimentos se os traballadores non aceptan as condicións que propoñen, polo que a Confederación Intersindical Galega ten convocada folga no sector.

Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación tamén é da propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

-É coñecedor o Goberno galego das demandas d@s traballadores/as das empresas que prestan o servizo de transporte sanitario terrestre?

-Coida que se está garantido un servizo de calidade e as condicións laborais d@s traballadores/as?

-Vai levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as?

130997

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40002
Data envio: 08/11/2018 18:34:38.167

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que tipo de control realiza sobre a prestación do servizo por parte das empresas?

-Coida que se están garantindo os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre?

-Está a exercer a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos?

-Vai rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adxudicación do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

130998

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40002
Data envio: 08/11/2018 18:34:38.167

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:32:27

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:32:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:32:33

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:32:34

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:32:36

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:32:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:15
Nº Rexistro: 40009
Data envio: 09/11/2018 10:15:02.074

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Todo parece indicar que o Reino Unido, convértese no primeiro estado na historia da Unión Europea que abandona a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Tense aberto un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que está sendo longo, complexo e intenso.

Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión e o Reino Unido, tódolos países están desenvolvendo estratexias que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos en moitos ámbitos da vida económica e social.

A resposta do goberno de España baixo a presidencia de Mariano Rajoy, foi de decepción na opinión do Grupo Socialista. Si ao propio "Brexit", engadimos un contexto xeopolítico que se ten alterado notablemente dende 2016 ata a actualidade, debido ao repunte do proteccionismo, especialmente no propio Reino Unido e nos Estados Unidos, a situación tórnase aínda mais complexa; ao que se engaden os problemas en Rusia, Turquía ou América Latina, onde os intereses económicos españois son moi fortes.

De feito, "pouco máis do 30 % das empresas españolas teñen plans de continxencia, segundo un informe publicado por KPMG xa en marzo deste ano. Ao Goberno presidido por Pedro Sánchez preocúpalle que o outro 70 % das empresas non este tendo en conta que o Brexit terá un impacto nas súas relacións comerciais co Reino Unido, e que dependendo do tipo de acordo ao que se chegue, moitas sufrirán os efectos nas súas áreas financeiras, fiscais, legais e nos seus modelos de negocio e cadeas de subministro.

Neste contexto as posicións das comunidades autónomas deberían de poder influír notablemente na posición definitiva que España defenda na negociación da Unión Europea. Ata o de agora, xa case fai un ano, en decembro de 2017, coñeceuse un documento titulado *Análise do impacto do Brexit en Galicia*. Se

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:15
Nº Rexistro: 40009
Data envio: 09/11/2018 10:15:02.074

ben na introdución do mesmo se reclama a necesaria prudencia nesta análise prospectiva, e se fala da necesidade de ir actualizándose conforme as propostas e acordos que se vaian acadando durante as negociacións do proceso.

O documento insta a posicionarse xa en 2018 en diversos eidos, un dos cales sería o reforzo dos servizos de apoio as empresas, especialmente as Pemes, propoñendo medidas de adaptación á nova realidade en cada ámbito empresarial. Sen embargo, mais alá da propaganda no momento de facerse público, os avances coñecidos son practicamente inexistentes.

Posteriormente o CES (Consello Económico e Social de Galicia) ven de publicar un novo diagnóstico que completa a información dispoñible. Pero lamentablemente as suxestións recollidas neste análises de prospectiva non aparecen recollidas nas accións política do goberno da Xunta de Galicia, sen ir máis lonxe, nos orzamentos para 2019, recentemente presentados, as referencias concretas a esta cuestión son inexistentes.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente o Goberno galego dos efectos que pode ter o chamado "Brexit" na estrutura empresarial de Galicia?
2. Ten prestado especial atención ao efecto nas Pemes?
3. Ten establecido algún tipo de contacto, colaboración ou cooperación o Goberno galego co goberno de España no ámbito do apoio empresarial?
4. De ser así, en que termos?
5. Con que obxectivos?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2018 17:52:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:15
Nº Rexistro: 40009
Data envio: 09/11/2018 10:15:02.074

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 17:52:13

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/11/2018 17:52:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2018 17:52:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:40
Nº Rexistro: 40016
Data envio: 09/11/2018 11:40:41.946

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

Galaria SA é a actual herdeira do antigo MedTec (Instituto Galego de Medicina Técnica SA). Unha empresa nacida para asesorar en torno ás innovacións e tecnoloxías sanitarias.

Con todo, en seguida ampliaron o seu cometido, iniciando a provisión directa de servizos sanitarios que podería proporcionar o Servizo Galego de Saúde, privatizando moitos destes servizos como por exemplo a atención telefónica.

Outro dos servizos que é fonte de conflito respecto en Galaria, pero que xa o foi no antigo MedTec, é aquel que deriva das técnicas en radioloxía, concretamente da técnica máis avanzada que é a Resonancia.

As radiólogas e radiólogos do CHUVI, levan máis de dúas décadas reclamando o acceso a esa técnica e concretamente a integración orgánica das Resonancias no servizo de radiodiagnóstico da EOXI de Vigo, todo con base en argumentos relacionados co deterioro da calidade asistencial ao producirse duplicidades nas probas ou retraso nos diagnósticos e tratamentos, ademais da vulneración de dereitos no desempeño da especialidade e o desenvolvemento profesional, xunto cunha duplicidade de estruturas de xestión para o mesmo servizo.

Pero a pesar destas circunstancias denunciadas, o Xerente do Servizo Galego de Saúde, levou a cabo a aprobación dun Plan, que lonxe de poñer algún tipo de solución ao conflito, agrava a situación, posto que ademais das consideracións xurídicas denunciadas polas profesionais, como a falta de competencia do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:40
Nº Rexistro: 40016
Data envio: 09/11/2018 11:40:41.946

xerente para dito plan, deixa en mans de Galaria, que unicamente conta con 10 radiólogos, o 65% das Resonancias e o control e organización das citacións, mentres que as 45 profesionais especialistas en radioloxía do CHUVI, so teñen acceso ao 35%.

A Resonancia é un paso intermedio dentro do conxunto de estudos nun proceso de diagnóstico e a súa indicación debe partir dunha persoa experta en todas as técnicas de imaxe dunha determinada área anatómica, como acontece no resto de Hospitais das mesmas características dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Por todo o anterior o Grupo de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Cal é o interese que ten o Servizo Galego de Saúde en manter este modelo de xestión da Resonancia Magnética na EOXI de Vigo?
- Cal é o motivo de manter unha duplicidade de xestión nun mesmo servizo?
- Por que non se aplica na EXI de Vigo o mesmo funcionamento que no resto de hospitais dependentes do SERGAS?
- Pensan rectificar en relación ao Plan aprobado?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 11:40
Nº Rexistro: 40016
Data envio: 09/11/2018 11:40:41.946

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/11/2018 11:25:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40039
Data envio: 09/11/2018 14:10:36.259

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e **Marcos Cal Ogando,** deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN.**

O Lindano, segundo a Organización Mundial da Saúde, é un canceríxeno de tipo 1 que foi fabricado pola compañía Zeltia durante moitos anos, nunha planta situada no polígono de Torneiros, no concello do Porriño. Estímase que máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica, foron vertidos na zona e outros puntos da rexión, empregando unha parte deste compoñente químico como material para o arranxo de estradas, orixinando diferentes focos de contaminación.

As diferentes Administracións, fai moitos anos que teñen constancia do problema de saúde pública e medioambiental que sofre o concello do Porriño e que xa se estende a mais concellos da contorna, pero a coordinación entre Administracións na procura de medidas respecto do problema seguen sen chegar, pese a que dende a Comisión Europea se traslada que existen medios dispoñibles para que as Administracións autonómicas afectadas planifiquen estratexias respecto ao saneamento do chan e a eliminación de Lindano, pero é a Xunta de Galicia a que ten que tomar a iniciativa e solicitar a colaboración da Comisión, tal e como se está levando a cabo por outras Administracións como a de Aragón.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40039
Data envio: 09/11/2018 14:10:36.259

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Por que dende o Goberno no planificaron o acceso a Fondos e Proxectos Europeos para levar a cabo medidas en relación á problemática do Lindano?
- Teñen pensando levar a cabo as accións necesarias para poder ter acceso a ditos Fondos e Proxectos?
- Está en disposición a Xunta de Galicia de comprometerse a medio prazo, a realizar un estudo baseado na evidencia científica para a limpeza e recuperación das zonas afectadas e a protección e prevención da saúde pública?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/11/2018 14:09:55

Marcos Cal Ogando na data 09/11/2018 14:10:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 10:43
Nº Rexistro: 40060
Data envio: 12/11/2018 10:43:44.821

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación,** relativa aos bens inmatriculados pola Igrexa.

O ano pasado aprobouse no Congreso dos Deputados unha Proposición non de lei que instaba ao entón goberno popular a reclamar os bens inmatriculados pola Igrexa católica que non podían xustificar o seu uso ou a súa propiedade eclesiástica. A iniciativa foi presentada pola primeira forza da oposición, o Partido Socialista, e solicitaba una relación exhaustiva dos bens inmatriculados pola igrexa cando a institución só precisaba da firma do bispado para poñer os inmobles ao seu nome.

Recentemente, o Ministerio de Xustiza, agora do PSOE, confirmou que publicará o listado dos bens inscritos pola Igrexa. Non obstante, o Goberno só prevé difundir os inmobles inmatriculados a partir de 1998, data na que Aznar impulsou unha reforma que ampliaba os privilexios da institución eclesiástica á hora de reclamar propiedades. Cómpre recordar que a Igrexa leva empregando o proceso de inmatriculación dende 1946, grazas a unha Lei Hipotecaria franquista que tiña por obxecto “compensar” aos bispos pola nacionalización de bens levada a cabo polo Goberno de Niceto Alcalá Zamora en 1931.

Estímase que dende 1998 a Igrexa inscribiu ao seu nome uns 4.500 bens inmobles de diversa índole: cemiterios, pisos, terreos, hortas, parroquias e incluso catedrais. Malia o impresionante da cifra, apenas é o 10% das propiedades inscritas polos bispos dende os anos 40. Entón, por que o PSOE se centra só nas apropiacións posteriores a 1998? Porque así o recollía a súa

iniciativa, na que instaba ao Goberno a solicitar ao Colexio de Rexistradores da Propiedade "unha relación de tódalas inmatriculacións levadas cabo por vía do artigo 2006 da Lei Hipotecaria, que foi derrogado pola Lei 13/2015, do 24 de xuño, de Reforma da Lei Hipotecaria, dende 1998 ata a citada derrogación". Non obstante, dada a situación, isto é manifestamente insuficiente. Tódolos bens inmatriculados pola Igrexa teñen que ser públicos e obxecto de escrutinio, entre outras razóns porque as catedrais, museos, bens de interese cultural, cemiterios... continúan sendo financiados polas arcas públicas mediante acordos coas administracións locais, provinciais, rexionais e estatais, que se encargan de aspectos como a iluminación dos templos, a súa restauración e a súa seguridade. Todos pagamos, pero o único beneficiario da súa explotación é a Igrexa.

Entre os bens inmatriculados pola Igrexa destacan a Catedral de Valladolid, a catedral e a Giralda de Sevilla, a catedral do Bo Pastor de Donostia, a catedral de La Seo e a Igrexa da Magdalena en Zaragoza, a Catedral de Granada, a Catedral de Jaca ou a Catedral de Málaga.

O caso da Giralda é paradigmático do negocio inmobiliario da Igrexa católica. Foi inmatriculada por 30 euros, pero anualmente recibe un millón de visitantes e ingresa máis de 9 millóns.

Por se isto fose pouco, a Igrexa tamén conta con terreos, locais e edificios, que non son empregados para liturxia ningunha, e que vende cando entende que precisa máis cartos. Un negocio redondo. A todo isto hai que sumar os 11.000 millóns que, segundo Europa Laica, percibe a Igrexa de fondos públicos todos os anos a través dos concertos cos colexios católicos, da financiación de centros sanitarios, sociais ou militares que permanecen baixo a súa xestión, do IRPF, etcétera.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 10:43
Nº Rexistro: 40060
Data envio: 12/11/2018 10:43:44.821

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A publicación da lista de bens inmatriculados é de particular relevancia porque, cando se produza, os afectados –tanto concellos como particulares– poderán recorrer a titularidade dos inmobles.

A necesidade de revisar as inmatriculacións non é unha ocorrencia dun grupo parlamentar, senón que conta cun amplo consenso, dentro e fora das nosas fronteiras. O ano pasado o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos sentenciou que unha inmatriculación realizada pola Igrexa era nula e condenou ao Estado a pagar unha indemnización de 600.000 euros por permitila. Sería bo que o Goberno do Estado tomase nota e actuase en consecuencia, anticipándose e evitando futuras multas e chamadas de atención.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Ten pensado a Xunta de Galicia esixir ao Goberno do Estado que publique a lista completa de bens inmobles inscritos pola Igrexa católica dende os anos 40?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 10:43
Nº Rexistro: 40060
Data envio: 12/11/2018 10:43:44.821

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/11/2018 10:37:29

Luca Chao Pérez na data 12/11/2018 10:37:42

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40065
Data envio: 12/11/2018 11:13:36.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Pleno do Parlamento galego, na sesión do día 8 de abril de 2008, aprobou a proposición de lei orgánica, para presentar perante a mesa do congreso dos deputados, de transferencias a Galiza en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

Segundo o texto do acordo, esta transferencia contribuiría directamente á mellor e máis diferenciada atención a unha realidade específica galega, baseada no espallamento da poboación, nas características singulares da súa rede viaria e mais nas propias condicións orográficas e climáticas.

Velaquí o articulado da lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40065
Data envio: 12/11/2018 11:13:36.949

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 1. Transferencia de competencias de execución.

Transfírenselle á Comunidade Autónoma de Galicia as facultades de execución da lexislación do Estado en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, agás as seguintes:

a) A facultade para expedir, revisar e trocar os permisos e licenzas para manexar vehículos de motor e ciclomotores, así como a súa anulación, intervención e revogación.

b) A matriculación e expedición dos permisos ou licenzas de circulación, así como a súa anulación, intervención e revogación e, pola súa consecuencia, a autorización de transferencias, duplicados e baixas de vehículos de motor e ciclomotores e mais a expedición de permisos temporais.

Artigo 2. Traspaso de servizos.

O exercicio das competencias transferidas será asumido pola Comunidade Autónoma cando teña efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e financeiros precisos, formalizado por medio de acordo da Comisión Mixta de Transferencias e do correspondente real decreto de traspaso de servizos.

2. A citada proposición de lei foi sometida a debate de toma en consideración polo Congreso o 7 de abril de 2010. O resultado da votación foi de

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40065
Data envio: 12/11/2018 11:13:36.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rexeitamento da toma en consideración, cos votos en contra do PSOE e a abstención do PP. Votaron a favor, ademais do BNG, o PNV, CiU e ERC-IU-ECV.

3. Por outra parte, no ano 2007 o parlamento galego aprobou a Proposición de lei de policía de Galiza, que prevía que o novo corpo tería competencias no ámbito da seguridade cidadá e exercería as función de policía administrativa e xudicial.

Un dos obxectivos desta lei era que a policía galega asumise as competencias en materia de tráfico e seguridade cidadá, para que era necesario dar luz verde ás transferencias a Galiza neste eido.

En canto ás súas funcións, aparecen recollidas no artigo 15:

Artigo 15. Funcións.

1. O Corpo de Policía de Galicia, consonte o artigo 5 desta lei, exercerá as seguintes competencias e funcións:

a) No ámbito de seguridade cidadá:

1.º A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40065
Data envio: 12/11/2018 11:13:36.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.º Prestar auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública e participar na

execución dos plans de protección civil na forma en que se determina nas leis.

3.º Prestar auxilio nas actuacións en materia de salvamento, se é requirido para iso.

4.º As demais funcións legalmente atribuídas, especialmente:

-Protexer as persoas e os bens.

-Manter a orde pública, de acordo co ordenamento xurídico.

-Vixiar os espazos públicos.

-Protexer e colaborar nas manifestacións e manter a orde pública nas grandes concentracións humanas cando fose requirido para iso.

-Prever a comisión de actos delituosos e intervir cando fosen cometidos.

-Intervir na resolución amigable de conflitos privados se fose requirido.

-Cumprir as funcións de protección de seguridade cidadá atribuídas ás forzas e corpos de seguridade pola Lei orgánica 1/1992.

b) No ámbito de policía administrativa:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40065
Data envio: 12/11/2018 11:13:36.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.º Velar polo cumprimento das leis e disposicións do Estado aplicables en Galicia e garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

2.º Velar polo cumprimento das leis de Galicia e das normas, disposicións e actos emanados das demais institucións e órganos da Comunidade Autónoma, mediante as actividades de investigación, inspección e denuncia, e a execución forzosa das súas resolucións.

3.º A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma de Galicia, denunciando toda actividade ilícita.

Na execución deste tipo de funcións prestarase especial atención a:

-Velar polo cumprimento da normativa vixente sobre medio ambiente, recursos mariños, caza, gandaría, saúde pública, incendios forestais, pesca fluvial, ordenación urbanística, protección de camiños, costas e asuntos marítimos, transporte e contaminación acústica.

-Velar polo cumprimento da normativa sobre o patrimonio histórico e cultural galego para evitar o seu espolio ou destrución e para garantir a súa salvagarda e protección.

-No marco das funcións que lle atribúa a normativa específica, vixiar e controlar o cumprimento da lexislación vixente en materia de xogo e de espectáculos.

4.º Vixilancia e control do tráfico nas vías interurbanas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40065
Data envio: 12/11/2018 11:13:36.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.º Vixiar, inspeccionar e controlar as empresas de seguridade privada, os seus servizos e actuacións e os medios e persoal ao seu cargo, nos termos establecidos na lexislación vixente.

6.º Informar, asistir e orientar os cidadáns.

7.º Colaborar coas institucións públicas de protección e tutela de menores na consecución dos seus obxectivos, de conformidade coa lexislación civil, penal e penitenciaria do Estado.

8.º Colaborar coas institucións públicas e privadas de protección e tutela da inmigración e con aqueloutras que teñan como obxectivo previr e evitar calquera forma de marxinación.

9.º Colaborar coas institucións públicas de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

10.º As demais funcións que lle atribúa a lexislación vixente.

c) No ámbito de policía xudicial, aquelas funcións que lle correspondan de acordo co establecido no artigo 126 da Constitución, na Lei orgánica do poder xudicial e na restante normativa vixente.

2. As funcións enumeradas no punto anterior cumpriranse baixo os principios de cooperación, coordinación e mutua colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40065
Data envio: 12/11/2018 11:13:36.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Ademais, a Policía de Galicia poderá asumir todas aqueloutras funcións que sexan delegadas ou transferidas á Comunidade Autónoma pola vía do artigo 150.2 da Constitución, así como aqueloutras que lle sexan encomendadas.

4. Tendo en conta o tempo transcorrido, a falta de desenvolvemento e cumprimento da lei de policía galega e a parálise nas transferencias do Estado a Galiza das competencias en materia de tráfico.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que previsións ten en goberno galego en relación co desenvolvemento da Lei de policía galega e a demanda ao goberno central da transferencia das competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza cidadá?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:13
Nº Rexistro: 40065
Data envio: 12/11/2018 11:13:36.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 11:12:40

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 11:12:45

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 11:12:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 11:12:48

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 11:12:50

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 11:12:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:34
Nº Rexistro: 40072
Data envio: 12/11/2018 11:34:07.421

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á **MESA DO PARLAMENTO**

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación,** relativa ao libro sobre a Catedral de Santiago

Na última década a edición de libros en lingua galega caeu un 33,6%. Só as obras en vasco experimentaron un descenso máis pronunciado (un 34,6%), segundo apunta o informe do Instituto Nacional de Estatística *Producción editorial de libros*, que recolle datos ata 2016.

Así, mentres que fai dez anos superábase o milleiro de libros e folletos en lingua galega (1.472), agora estamos por debaixo dos 1.000. A tendencia é claramente á baixa e continúa ata hoxe. Nos últimos 12 meses estudados pasouse das 1.120 obras en galego ás 976, o que supón un descenso do 12,8%.

Os datos tamén son malos cando se repara nas publicacións bilingües. No 2016 houbo 269 libros en euskera e castelán, 266 en catalán e castelán e 140 en valenciano e castelán. Pola contra, só houbo 84 libros en galego e castelán, o que, como é lóxico, dificulta dar a coñecer a nosa lingua no resto do territorio do Estado.

Pero o dato máis preocupante é outro. O galego é a cuarta lingua en porcentaxe de libros infantís e xuvenís sobre o total do publicado. O euskera conta cun 34,7%, o valenciano cun 27,4% e o catalán cun 24%. En galego, en cambio, só se pública un 19,9% de obras dirixidas a poboación máis nova. Trátase dun problema serio, xa que é a xente moza a que máis de lado está deixando o noso idioma. Así o advirte un traballo recente da Real Academia Galega titulado

Lingua e sociedade en Galicia, que alerta dunha "crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguantes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos".

A pesar de que a situación da lingua galega é preocupante, o orzamento da Xunta de Galicia dedicado á normalización lingüística, bibliotecas, fomento da lectura e edición de libros na nosa lingua continúa sen igualar sequera a cifra de 2009.

- O presente ano, os fondos destinados á normalización lingüística medraron máis dun 11%, pasando dos 6,82 aos 7,62 millóns de euros, pero a cantidade segue sen superar a terceira parte da presupostada no 2009, 21,5 millóns de euros.
- A adquisición de fondos para as bibliotecas precipitouse dende os 2,4 millóns de 2009 ata os 425.000 euros de 2013, cantidade idéntica á deste ano.
- No que atinxe á promoción do libro e da lectura, no 2009 o total das partidas sumaban 1,3 millóns de euros. Na actualidade, son de 516.000.
- As axudas específicas á edición en galego son agora a terceira parte (588.460 euros) das axudas do 2009 (1.593.000).

Así, é moi difícil de entender que, non habendo diñeiro para unha maior promoción da lectura e do libro galego e en galego, o Consello da Xunta aprobara unha axuda de 210.000 euros para a elaboración dun so libro sobre a Catedral de Santiago. Teñamos en conta que o orzamento total da Consellería de Cultura dirixido á dotar ás bibliotecas, arquivos e museos de novidades editoriais en galego é de só 200.000 euros.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 11:34
Nº Rexistro: 40072
Data envio: 12/11/2018 11:34:07.421

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Vaise elaborar un informe no que consten os gastos desagregados dos 210.000 euros dedicados ao libro sobre a Catedral de Santiago?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Asdo.:Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/11/2018 11:25:15

Luca Chao Pérez na data 12/11/2018 11:25:21

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:44
Nº Rexistro: 40091
Data envio: 12/11/2018 12:44:15.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O día 7 de decembro de 2018 remata o prazo de presentación de emendas da nova PAC. Existe unha evidente desinformación a respecto deste tema nos sectores afectados e pouca claridade no posicionamento do goberno galego.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que opinión e posicionamento ten o goberno galego ante a reforma da PAC para o período 2021 – 2027?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 12:44
Nº Rexistro: 40091
Data envio: 12/11/2018 12:44:15.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 12:43:48

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 12:43:54

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 12:43:55

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 12:43:57

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 12:43:58

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 12:44:00

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:43
Nº Rexistro: 40106
Data envio: 12/11/2018 13:43:06.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O xornal dixital *Eldiario.es* e seguidamente *Praza Pública* veñen de destapar publicamente a responsabilidade do goberno central aínda durante o mandato do Partido Popular na demora da construción de fragatas na ría de Ferrol. Máis aínda, as informacións xornalísticas apuntan ao que aparentemente é un caso claro de corrupción e de emprego das portas xiratorias co fin de lucro persoal.

Presuntamente durante a xestión de Cospedal e mais de Pedro Morenés na área de defensa o Ministerio impuxo a implantación dos mísiles Sea Ceptor como prioritaria nas fragatas F-110, previstas para Navantia en Ferrol. Froito desta decisión deliberada, que pretendía favorecer a empresa multinacional MBDA vinculada ao propio Morenés, serían precisos traballos de adaptación técnica dos deseños que terían conlevado até dous anos de demora.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego as novas relativas aos atrasos na construción de fragatas no naval ferrolán son de extrema gravidade e supoñen un abuso de poder e unha clara desviación dos principios éticos que deben rexer a xestión dos recursos públicos, ademais de supoñer unha actuación tremendamente lesiva para o naval do noso país.

131025

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:43
Nº Rexistro: 40106
Data envio: 12/11/2018 13:43:06.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Cal é a liña de resposta do goberno galego despois de coñecerse publicamente que as actuacións do seu partido no Estado teñen posto en risco a actividade do naval en Ferrol?

-Coñecía o goberno galego esta situación? En que data e por que medio?

-Considera o goberno galego suficiente o período de enfriamento do señor Morenés entre a súa actividade privada e pública?

-Vaise dirixir o goberno galego á fiscalía para poñer no seu coñecemento esta situación?

-Vaise emprender a Xunta de Galiza accións legais a respecto desta cuestión?

-Seguirá a Xunta de Galiza incumprindo a lei do naval e desatendéndose de solicitar participación dos organismos de Navantia?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

131026

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:43
Nº Rexistro: 40106
Data envio: 12/11/2018 13:43:06.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 13:42:05

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 13:42:10

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 13:42:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 13:42:13

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 13:42:15

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 13:42:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40129
Data envio: 12/11/2018 14:12:56.428

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A industria da transformación da madeira é un vector da economía galega, e a fabricación e instalación de mobiliario unha das súas vertentes cun importante impacto no sector, onde Galiza é selo de calidade.

Diante dun anuncio de ERE por parte dos actuais propietarios de Noa Madera Creativa, recentemente o Bloque Nacionalista Galego mantivo reunións e contactos de forma constante co Comité de Empresa. Cabe salientar que esta é unha empresa situada en Fene, no polígono de Vilar do Colo, e que na actualidade dá traballo a arredor de 250 persoas de forma directa, unha cifra meirande se temos en conta as tarefas derivadas e complementarias.

Desde hai máis dun mes estase a vivir na localidade e, por extensión, na comarca unha situación de grande preocupación derivada do anuncio por parte da empresa da presentación dun ERE extintivo que afectaría a máis de 100 traballadoras e traballadores e que implicaría reducir a empresa case á metade e tería un grande impacto social e económico.

A representación do Comité de Empresa explicou que a situación parte da absorción de Noa Madera por parte do grupo Malasa –que ten como cliente prioritario a Inditex- o pasado mes de agosto, e o anuncio dun posíbel ERE non está baseado en

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40129
Data envio: 12/11/2018 14:12:56.428

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

problemas de produción, senón máis ben nun intento da actual propietaria de ameazar co ERE extintivo para, en realidade, facer unha política de precarización das condicións laborais para obter máis beneficios a costa das traballadoras e traballadores.

Estamos a falar dunha empresa que, ademais, conta cun cadro de persoal cunha media de idade moi nova do entorno do conxunto da comarca; sendo da maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto na xa deteriorada economía comarcal sería considerábel -dado que non falamos só dos postos directos da empresa, senón dos que derivan da actividade que desenvolve- ademais de deixar desprotexidas a centos de familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista desta situación, expresa a súa rotunda oposición non só a calquera tentativa de levar a cabo un inxustificado ERE extintivo, senón tamén a que se perda calquera posto de traballo ou se precaricen as condicións laborais do cadro de persoal. Máis aínda, tendo en conta que traballan para xigantes da industria téxtil, cómpre desenvolver unha activa política de negociación con estas empresas, nomeadamente Inditex, para que se manteñan os postos de traballo e os dereitos laborais acadados.

Nese sentido, alén de ter impulsado mocións nos diversos concellos da comarca, para o BNG é fundamental que o propio Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza se impliquen nesta cuestión e as e os traballadoras gañen apoio institucional e social. No momento de asinar esta iniciativa o ERE non está aínda presentado, mais é fundamental avanzar na defensa dos postos de traballo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40129
Data envio: 12/11/2018 14:12:56.428

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñece o goberno galego a situación actual de Noa Madera de Fene? Cal é a súa valoración?

Que actuacións vai levar o goberno galego para evitar despedimentos e precarización na empresa Noa Madera de Fene?

Ten coñecemento a Xunta de Galiza de se está en marcha a mediación a través do Consello Galego de Relacións Laborais? En que termos?

Ten fornecido a través do IGAPE algún tipo de información para esta empresa? Ten pensado ofrecer os seus servizos co obxecto de que faga unha nova avaliación da estratexia empresarial que non implique despedimentos e precarización?

Considera a Xunta de Galiza prioritario este asunto de cara a evitar a competitividade no sector pola vía do abaratamento da man de obra? Con que mecanismos?

En caso de constar ERE, vai demandar a Xunta a súa retirada?

Cal é a estratexia de retención de empresas e de mantemento das condicións de traballo que está a aplicar na comarca de Ferrolterra? Cal a súa avaliación?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

131030

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40129
Data envio: 12/11/2018 14:12:56.428

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 14:10:59

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 14:11:03

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 14:11:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 14:11:06

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 14:11:07

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 14:11:08

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:54
Nº Rexistro: 40144
Data envio: 12/11/2018 17:54:11.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a débeda galega.

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, un peso que non se corresponde coa escasa información existente sobre a mesma.

O último dato dispoñíbel, do segundo trimestre de 2018, sitúa a débeda pública de Galiza segundo o protocolo de déficit excesivo en 11.549 millóns de euros. Dende o ano 2009, ano no que comezou a gobernar o Partido Popular baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo, a débeda incrementouse en 7.626 millóns de euros, isto é, un 200%. É dicir, a débeda de Galiza triplicouse durante os gobernos presididos por Núñez Feijóo.

O PIB medra en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, no actual contexto de crecemento económico, a débeda galega medrou en 1.588 millóns de euros, e nos últimos doce meses a débeda incrementouse en 168 millóns de euros.

Con datos de execución do orzamento do ano 2018, a 30 de setembro, observamos como o programa que maior grado de execución presenta é o "911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública", que conta cunha execución do

131032

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:54
Nº Rexistro: 40144
Data envio: 12/11/2018 17:54:11.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

82,2%, cunhas obrigas recoñecidas de case mil millóns de euros (994,6 millóns). Atendendo á clasificación por capítulos, observamos como o capítulo 9, os pasivos financeiros, teñen unha execución do 83,3%, mentres o capítulo 3, os gastos financeiros, presentan unha execución do 74%.

Con respecto ao proxecto de orzamentos para o ano 2019, observamos como no ano 2019 os ingresos por emisión de débeda incrementaranse fortemente. Así, na distribución económica dos ingresos observamos como o capítulo 9 pasa de representar 1.430 millóns de euros no presente 2018 a representar 1.789,3 no 2019, un forte incremento de 359,3 millóns de euros, isto é, un incremento do 25,1%.

Doutra banda, os gastos por amortización de débeda tamén se incrementarán dun xeito intenso con respecto ao orzamentado para o presente ano. Así os pasivos financeiros pasan de 1.075,7 millóns a 1.530,5, un espectacular incremento de 454,8 millóns de euros, o 42,3%. Deste xeito é o capítulo que, con moitísima diferenza, experimenta un maior crecemento no proxecto de orzamentos, tanto en termos absolutos como relativos.

Segundo recolle o Informe Económico Financeiro do Proxecto de Orzamentos para 2019, a débeda ascenderá no próximo ano en 154 millóns de euros, prevéndose rematar o 2019 nunha contía de 11.664 millóns de euros. Polo tanto, a débeda segue a incrementarse no quinto ano consecutivo de crecemento económico e, sumando as colaboracións público privadas, a finais do ano 2019, Galiza estará endebedada en 14.111,4 millóns de euros.

Porén, a pesares destas cifras que amosan o forte peso que ten a débeda sobre o orzamento público, descoñecemos información moi importante relativa á débeda pública, tal como como as emisións, os xuros aos que se emite cada emisión, o cadro de

131033

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:54
Nº Rexistro: 40144
Data envio: 12/11/2018 17:54:11.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

amortización da débeda viva ou as entidades coas que está contraída. Trátase de elementos moi importantes para realizar unha valoración completa sobre o que representa o peso da débeda na economía galega, elementos que deberían ser accesíbeis e coñecidos nunha sociedade democrática que aposte pola transparencia institucional.

Por outra parte, este volume de débeda ten diferentes orixes, podendo ser parte dela a coñecida como "débeda odiosa ou ilexítima", que é aquela que se contrae contra os intereses da cidadanía do país. Trátase dun concepto usado en numerosas ocasións por parte do dereito internacional. Esta pode ser a causada por unha fiscalidade permisiva coa fraude fiscal, a contraída para a preservación do poder das elites, etc. Pódese considerar tamén débeda ilexítima aquela débeda pública cuxos fondos se destinan a ser novamente prestados a terceiros, no canto de a sufragar gastos operativos correntes ou de capital. Xa que logo, faise necesario impulsar unha auditoría coa finalidade de identificar que parte da débeda pode ser cualificada como ilexítima.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Cando vai o goberno galego a actuar con transparencia con respecto á débeda pública galega?

- Ten previsto o goberno galego ofrecer información detallada sobre a débeda pública galega, tal como os cadros de amortizacións, listaxe de entidades coas que está contraída a débeda, os xuros pagados en cada emisións, etc.?

- Cales son os cadros de amortización da débeda pública galega?

- Cales son os tipos de xuro aos que se emite a débeda pública galega?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:54
Nº Rexistro: 40144
Data envio: 12/11/2018 17:54:11.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales son as entidades coas que está contraída a débeda pública galega?

- Ten previsto o goberno galego impulsar a creación dunha comisión formada por expertos de diferentes ámbitos sociais e económicos coa finalidade de que leve a cabo unha auditoría da débeda pública galega?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 17:53:12

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 17:53:17

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 17:53:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:54
Nº Rexistro: 40144
Data envio: 12/11/2018 17:54:11.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 17:53:20

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 17:53:23

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 17:53:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40198
Data envio: 13/11/2018 14:36:17.545

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN.**

O Instituto Nacional de Estatística publicou o día 23 de outubro de 2018 un informe sobre a calidade de vida, utilizando por primeira vez un enfoque multidimensional, na liña marcada polo Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) desenvolto polas Nacións Unidas (ONU).

O indicador composto de calidade de vida elaborado polo INE utiliza sete dimensións de análise: as condicións materiais de vida, o traballo, a saúde, a educación, o ocio e relacións sociais, a seguridade física e persoal, a gobernanza e os dereitos varios e por último o entorno e o medioambiente.

Cada unha destas dimensións está formada por diferentes epígrafes ata utilizar 96 variables para medir a calidade de vida.

No informe elaborado polo INE estímase o valor do indicador de calidade de vida desagregado por comunidades autónomas, cun resultado moi preocupante para nós: Galicia ocupa a última posición entre as 17 CCAA do Estado en calidade de vida.

Cos valores correspondentes a 2017, o indicador múltiple de Galicia é do 97,16 fronte ao 101,45 que ten de valor o indicador para o conxunto de España.

Galicia ocupa tamén a última posición en 2008, cun índice de 96,30 fronte ao 100 do conxunto do Estado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40198
Data envio: 13/11/2018 14:36:17.545

GRUPO PARLAMENTAR
en marea



Valores AMPI global por ccaa. 2017

Galicia	97,16
Canarias	98,13
Ceuta	98,88
Andalucía	99,11
Extremadura	99,55
Castilla y León	99,64
Murcia, Región de	100,23
Melilla	100,93
Total nacional	101,45
Castilla - La Mancha	101,50
Cataluña	102,08
Madrid, Comunidad de	102,41
Comunitat Valenciana	102,74
Balears, Illes	103,27
País Vasco	103,41
Cantabria	104,25
Asturias, Principado de	104,32
Aragón	104,40
Rioja, La	105,29
Navarra, Com. Foral de	106,90

Galicia ocupa o último lugar neste indicador múltiple de benestar en todos e cada un dos anos que van dende 2008 a 2017 ambos incluídos e, ademais, é a CCAA que ten peor evolución.

En 2008 estabamos 3,7 puntos por debaixo da media do Estado e agora, en 2017, a diferenza aumentou ata 4,22 puntos.

A análise das sete dimensións agrava o diagnostico porque a peor evolución dáse na dimensión 2, a do traballo, na que se mide tanto a cantidade do emprego (con taxas de emprego, paro, paro de longa duración e emprego involuntario a tempo parcial) e a calidade medida con variables de salarios, xornada, traballo temporal e satisfacción co traballo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40198
Data envio: 13/11/2018 14:36:17.545

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Como pode explicar o Goberno que Galicia ocupe a última posición entre todas as CCAA do Estado no indicador composto de calidade de vida elaborado polo INE?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/11/2018 14:34:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 17:48
Nº Rexistro: 40203
Data envio: 13/11/2018 17:48:28.368

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 28 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro.

Manipulación que ante a proximidade das eleccións municipais se vén acrecentando nestes últimos meses coa supresión das desconexión locais da Radio Galega, unha medida estritamente política que obedece ao interese do PP de controlar a información local de cara a estes comicios.

Recentemente ademais coñeciamos o anuncio de que a asemblea de traballadores e traballadoras convocada polo Comité Intercentros da CRTVG acordou de xeito maioritario poñer en marcha un calendario de mobilizacións contra o desmantelamento deste servizo público, que comezarán o vindeiro día 20 de novembro con paros parciais de dúas horas por quenda e que se manterán en días alternos ata o 2 de decembro.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia acerca do grado de cumprimento da *Lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia?*
2. Coñece o Goberno galego os motivos que levan aos traballadores e

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 17:48
Nº Rexistro: 40203
Data envio: 13/11/2018 17:48:28.368

traballadoras a teren intensificado nos últimos meses as súas protestas contra o xeito de proceder da actual dirección da CRTVG?

3. En caso afirmativo, considera que teñen motivos para elo?
4. Por que considera que se incrementaron tanto as mobilizacións dos traballadores e traballadoras da CRTVG nestes últimos meses?
5. Considera que dende a Dirección da CRTVG se está fomentando o diálogo cos traballadores e traballadoras, así como cos seus representantes sindicais?

Pazo do Parlamento, 13 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 13/11/2018 17:47:11

Julio Torrado Quintela na data 13/11/2018 17:47:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 10:41
Nº Rexistro: 40212
Data envio: 14/11/2018 10:41:29.541

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

1. O Parlamento galego aprobou no pasado mes de outubro unha proposta de resolución pola que se insta a todas as administracións a consensuar e coordinar as actuacións para localizar, exhumar e trasladar para un enterramento digno os restos de vítimas do franquismo.

Trátase dun acordo moi xenérico que debe ser obxecto de concreción e impulso polo goberno galego, en coordinación co goberno do Estado e coas administración locais. Tamén debe contar coa participación das asociacións de memoria histórica e coas familias das vítimas.

2. No período 2005-2009, o goberno galego impulsou diversas liñas de actuación en relación coa recuperación da memoria histórica. No ámbito da investigación, promoveu e financiou o Proxecto Nomes e voces, que se converteu nun referente estatal do estudo da represión franquista. Un dos resultados deste Proxecto foi a elaboración dun mapa de localización de foxas, nas que se distinguen as escavadas e exhumadas, as escavadas en cemiterios e as que están sen escavar e exhumar.

Por outra parte, o goberno galego promoveu nun Plan de exhumación de foxas e asinou un convenio a finais do ano 2008 co Instituto de Medicina Legal de Galiza para a

131042

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 10:41
Nº Rexistro: 40212
Data envio: 14/11/2018 10:41:29.541

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coordinación dos traballos antropolóxico-forenses, e co Instituto de Medicina Legal da USC, para a realización das análises xenéticas.

Tanto o Proxecto Nomes e Voces como as actuacións encamiñadas á levar a cabo a exhumación de foxas ficaron paralizadas a partir do ano 2009 coa chegada do PP ao goberno da Xunta.

Pasaron pois nove anos de ausencia absoluta de políticas de memoria histórica, o que sitúa a Galiza nun deshonroso posto de desleixo e desprezo cara ás vítimas da represión franquista que aínda permanecen desaparecidas.

É tempo pois de recuperar o tempo perdido, desenvolvendo un plan plurianual de traballo que permita investigar, localizar, exhumar, identificar e dar un enterramento digno ás vítimas do franquismo que están soterradas en foxas común.

E cómpre facelo con rigor, cos medios técnicos, materiais e económicos necesarios, seguindo os protocolos establecidos e contando coa participación das familias e das asociacións de memoria histórica.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que previsións ten o goberno galego a respecto do acordo do Parlamento sobre localización, exhumación de foxas e identificación de persoas desaparecidas?

2. Houbo algún contacto ou reunión co goberno central sobre esta cuestión?

3. Que partidas prevé aprobar o goberno galego para desenvolver actuacións nesta materia?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 10:41
Nº Rexistro: 40212
Data envio: 14/11/2018 10:41:29.541

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Considera necesario contar coas asociacións galegas de memoria histórica?

5. Considera necesario crear un banco de ADN?

6. Vai colaborar o goberno galego co goberno navarro na identificación das vítimas galegas da fuga de Ezkaba?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2018 10:40:09

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2018 10:40:14

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2018 10:40:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 10:41
Nº Rexistro: 40212
Data envio: 14/11/2018 10:41:29.541

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2018 10:40:17

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2018 10:40:18

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2018 10:40:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:17
Nº Rexistro: 40222
Data envio: 14/11/2018 12:17:25.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico recolle no seu artigo 49 sobre a xestión da demanda a potestade da Administración para adoptar medidas, entre as que se recolle a prestación do servizo de interrompibilidade xestionado polo operador del sistema que incentiven a mellora do servizo e a eficiencia e aforro enerxéticos, podendo dar o cumprimento dos obxectivos previstos en ditas medidas ao recoñecemento dos custos para a posta en práctica.

A interrompibilidade é o mecanismo de xestión da demanda de enerxía empregado para dar unha resposta rápida ás necesidades do sistema eléctrico con base a criterios técnicos e económicos que consiste en reducir a potencia activa demandada en resposta a unha orde emitida polo operador do sistema, Red Eléctrica.

Para organizar este sistema realízanse poxas. Recentemente, no BOE do 14 de novembro de 2018 publicábase a "Resolución de 6 de noviembre de 2018, de la Secretaría de Estado de Energía, por la que se aprueba el calendario y las características del procedimiento competitivo de subastas para la asignación del servicio de gestión de la demanda de interrumpibilidad regulado en la Orden IET/2013/2013, de 31 de octubre, para el período de entrega comprendido entre el 1 de enero y el 30 de junio de 2019."

131046

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:17
Nº Rexistro: 40222
Data envio: 14/11/2018 12:17:25.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En Galiza hai varias empresas electrointensivas pendentes desta poxa, que no momento de asinar esta iniciativa parlamentar no mes de novembro descoñecen aínda a canto pagaran a enerxía o próximo 2019. Unha delas é Alcoa, nun momento de grande incerteza pola ameaza de peche da factoría da Coruña, mais tamén pola seguridade a respecto das unidades da Mariña. Polo tanto, esta poxa chega nun momento delicado para a industria no que unha vez máis está enriba da mesa o debate sobre a necesidade dunha tarifa industrial estábel, cuestión que o Bloque Nacionalista Galego ten defendido. Así mesmo, cómpre valorar a convocatoria de poxa e os seus termos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Cal é a valoración do goberno galego sobre como sitúa á industria electrointensiva galega esta nova poxa de interrompibilidade?

-Valorou o goberno galego co goberno central e os diferentes axentes convocados os termos desta poxa na reunión que mantivo o 8 de novembro en Madrid sobre a situación de Alcoa?

-Foron informados desta resolución que xa estaba tomada por parte do goberno central? En que data e por que vías? Cal foi a valoración do goberno galego? Remitiu algunha consideración? Por que razóns?

-Considera o goberno galego que a planificación desta poxa era unha oportunidade para Alcoa? En que termos?

-Considera o goberno galego que entraba xa nas previsións do goberno central celebrar esta poxa? Tiña solicitado o goberno galego que se desenvolvera por un período de tempo maior?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:17
Nº Rexistro: 40222
Data envio: 14/11/2018 12:17:25.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que repercusións considera o Goberno Galego que se teñen dado na industria electrointensiva galega co cambio no sistema de poxa? Como as valora?

-Ten avaliado co sector esta última poxa?

-Ten realizado a Xunta de Galiza, ao abeiro do INEGA ou dalgún outro instrumento, unha avaliación do posíbel impacto no momento de coñecérense os borradores previos así como o informe previo da CNMC?

-Ten presentado a Xunta de Galiza alegacións ou propostas nas fases de preparación da nova regulación? Cales foron as razóns? Que consideracións fará para as vindeiras?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

131048

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:17
Nº Rexistro: 40222
Data envio: 14/11/2018 12:17:25.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2018 12:16:05

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2018 12:16:09

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2018 12:16:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2018 12:16:12

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2018 12:16:13

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2018 12:16:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40226
Data envio: 14/11/2018 12:37:56.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

As industrias electrointensivas teñen un importante peso na produción industrial e na xestión do emprego en Galiza. Unha delas é Alcoa, que o pasado 17 de outubro comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. Unha situación preocupante que ten mobilizada á sociedade e require de avanzar nos pasos que se teñen dado desde o ámbito institucional.

Cómpre recordar que o sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electrointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de capacidade. Fóra de ir cara unha corrección desta situación e a mudanza por unha tarifa industrial estábel, semella polas últimas novidades que a intención do goberno central pasa por manter este sistema e as poxas cada seis meses. As propostas verquidas polo presidente da Xunta de cara a fornecelas para períodos dun lustro tampouco parece avanzar.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40226
Data envio: 14/11/2018 12:37:56.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paralelamente, o Comité de Empresa de Alcoa trasladou á Xunta de Galiza, ao goberno central e aos grupos parlamentares unha serie de propostas con data de rexistro do 30 de outubro de 2018 que merecen ser consideradas, asumidas como propias e defendidas. É preciso insistir á compañía Alcoa para que non leve a cabo o expediente de extinción de emprego así como impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantenemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas eletrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

Así mesmo, vistos os pasos da propia empresa nas últimas semanas e a insuficiencia... é pertinente tamén poñer enriba propostas vinculadas a que o Estado interveña nesta cuestión. Isto é algo que se ten dado noutros países, noutras ocasións e que mesmo recolle a Constitución española. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos clara a defensa da participación pública dos sectores estratéxicos e que é preciso, de non verificarse solucións, apostar pola intervención nesta situación.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Como valora o goberno galego a evolución da situación de Alcoa na Coruña?

-Vai demandar a Xunta de Galiza do goberno central a intervención pública en Alcoa Coruña?

-Que información ten a respecto da situación de San Cibrao?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40226
Data envio: 14/11/2018 12:37:56.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como valora o seu cumprimento dos acordos do Parlamento Galego no Pleno do 23 de outubro?

-Como valora os puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018?

-Que avances existen respecto da demanda do sector dunha tarifa industrial estábel?

-Como avalía a poxa para 2019?

-Que actuacións ao abeiro das competencias da Xunta vai activar diante da situación xerada polo conflito de Alcoa?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40226
Data envio: 14/11/2018 12:37:56.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2018 12:36:53

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2018 12:36:59

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2018 12:37:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2018 12:37:03

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2018 12:37:05

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2018 12:37:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40239
Data envio: 14/11/2018 17:09:31.702

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as interrupcións voluntarias do embarazo, o número de derivacións a clínicas privadas e o uso de métodos anticonceptivos en Galiza.

Segundo as cifras proporcionadas polo Ministerio de Sanidade no último ano do que se dispón de datos, en Galiza practicáronse en 2016, 3.140 interrupcións voluntaria do embarazo (IVEs). Delas, o 88% foron levadas a cabo en centros privados (2.788) fronte a apenas 352 que tiveron lugar na rede sanitaria pública galega o que evidencia que a inmensa maioría dos abortos son derivados no noso país a clínicas privadas.

Así mesmo, no informe publicado polo Ministerio sinálase que o 48% das Interrupcións Voluntarias do Embarazo (IVEs) que teñen lugar en Galiza resultan de embarazos non desexados froito de relacións sexuais nas que, segundo declaran as propias mulleres, non se utilizou ningún método anticonceptivo (1.506).

Isto é, en case a metade dos casos non se utilizou preservativo ou algún outro método. Algo especialmente grave se temos en conta que os riscos en relacións sexuais sen protección van alén dos embarazos non desexados e teñen a ver tamén coa transmisión de ETS.

131054

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40239
Data envio: 14/11/2018 17:09:31.702

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando observamos o perfil demográfico que describen as cifras vemos que aquelas mulleres que declaran non ter usado ningún método anticonceptivo sitúanse maioritariamente en niveis de instrución altos:

Bacharelato e Ciclos FP (763)

Escolas Universitarias e Facultades (355)

ESO e Equivalentes (326)

É evidente que algo está a fallar en materia de educación sexual especialmente entre a mocidade. Neste senso, persoas expertas do ámbito da sexoloxía e da saúde emocional na infancia e a adolescencia teñen denunciado a falta de formación e información a este respecto nas aulas que fica, as máis das veces, reducida apenas a obradoiros puntuais polo que teñen reclamado, en non poucas ocasións, a necesidade de incluír, como materia específica, a educación sexual.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza os datos sobre IVEs no noso país?

- Que opinión lle merece ao goberno galego a porcentaxe de derivacións a clínicas privadas que se rexistran?

- Por que non se atenden na rede sanitaria pública galega estes casos?

- Pensa adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para garantir que máis interrupcións voluntarias do embarazo se leven a cabo en centros públicos?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40239
Data envio: 14/11/2018 17:09:31.702

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Valorou o Goberno galego a posibilidade de crear unidades de referencia para poder atender máis casos na pública e, por exemplo, garantir que a obxección de conciencia do persoal facultativo non sexa impedimento para levar a cabo os abortos na pública?

- Que opinión lle merece ao Goberno galego a porcentaxe de IVEs que derivan de relacións sexuais sen métodos anticonceptivos?

- Ten estudado, ou pensa estudar, as razóns polas que o 48% dos embarazos non desexados resultan de non usar métodos anticonceptivos?

- En caso afirmativo, cales son e que medidas ten adoptado a Xunta para reaxir a esta situación?

- En caso contrario, pensa avaliar as causas e adoptar algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

131056

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40239
Data envio: 14/11/2018 17:09:31.702

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2018 17:08:36

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2018 17:08:41

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2018 17:08:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2018 17:08:45

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2018 17:08:46

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2018 17:08:47

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40247
Data envio: 14/11/2018 18:35:39.005

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.

O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se

sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Cales son os plans de continxencia que ten previsto o Goberno para evitar que un ano máis se produzan situacións de saturación nas urxencias?
- Por que o Goberno non escoita as constantes demandas das e dos profesionais en relación aos medios e dispositivos de asistencia necesarios?
- Cando pensan mellorar os pranteis de traballadoras e traballadores nos centros públicos galegos coa fin de reducir as saturacións nos servizos de urxencias?
- Neste último ano, cantas veces puxeron as e os profesionais en coñecemento do Goberno a posibilidade de saturación dos servizos?
- Considera o Goberno que as esperas nos servizos de urxencias é a axeitada?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40247
Data envio: 14/11/2018 18:35:39.005

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Cal é o prazo de tempo que considera aceptable a Xunta de Galicia para a permanencia nun Servizo de urxencias dende a entrada ata o ingreso en planta para unha persoa que o teña prescrito?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/11/2018 18:32:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:52
Nº Rexistro: 40282
Data envio: 15/11/2018 10:52:11.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O goberno do Estado, a través do ministro de Fomento José Luís Ábalos, vén de lanzar o "globo sonda" do pagamento de peaxes nas autovías e autoestradas que actualmente están libres de pagamento polas persoas usuarias. Trátase dun anuncio que vai na liña das propostas das grandes construtoras e que ten como obxectivo penalizar aínda máis a particulares e transportistas polo uso de vías de alta capacidade.

En Galiza chove sobre mollado. A situación da AP 9 é absolutamente escandalosa e inasumíbel, con subas das peaxes de máis do 40% desde o ano 2010, cun incremento do 4% no que vai de ano, con novas subas abusivas anunciadas para os vindeiros meses. E sen apenas bonificacións para persoas e empresas que fan un uso habitual desta infraestrutura.

O mesmo ocorre coa autoestrada AP 53 entre Santiago e Lalín, que ademais de ter un custo moi elevado, ten graves carencias nas vías de acceso e saída. Neste caso dáse ademais o agravio do cobro da peaxe no treito Santiago-

131061

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:52
Nº Rexistro: 40282
Data envio: 15/11/2018 10:52:11.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lalín, de titularidade estatal, e a gratuidade no treito Lalín-Ourense, de titularidade autonómica.

Na rede de vías de alta capacidade de titularidade autonómica tamén se producen agravios no caso da autovía AG55 A Coruña-Carballo e na AG 57 Vigo-Val Miñor.

Desde o BNG entendemos que se debe avanzar na supresión das peaxes, especialmente no caso de autoestradas como a AP9 que teñen períodos de concesión que xa chegan aos 40 anos e que supuxeron ao longo deste tempo e supoñen un gran negocio para a concesionaria. Cómpre neste sentido ter en conta que outras autoestradas coetáneas da AP9 van quedar libres de peaxes nos anos 2019-2021.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Como valora a Xunta de Galiza o anuncio do Ministerio de Fomento de establecer peaxes nas autoestradas?

-Que medidas demandou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza para o abaratamento das peaxes da AP9 e para evitar novas subas?

-Vai levar a cabo algunha actuación o goberno galego para esixir do goberno do Estado a realización dun estudo sobre o rescate da concesión e a supresión das peaxes na AP 9?

131062

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:52
Nº Rexistro: 40282
Data envio: 15/11/2018 10:52:11.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para o abaratamento das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica? Ten previsto encargar algún estudo para a supresión das peaxes nas autoestradas AG 55 e AG 57?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 10:50:28

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 10:50:33

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 10:50:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 10:52
Nº Rexistro: 40282
Data envio: 15/11/2018 10:52:11.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 10:50:36

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 10:50:38

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 10:50:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40329
Data envio: 15/11/2018 14:08:09.604

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O 27 de outubro unha vaga de frío con nevaradas en cotas moi baixas para esa época do ano provoca cuantiosos danos nas comarcas da montaña de Lugo principalmente. O Courel, O Incio, A Fonsagrada son algunhas das zonas con maior afectación.

A inesperada aparición dunha copiosa nevarada, cando as caducifolias vestían aínda toda a súa folla provocou un desastre natural nelas esgazando pólas a eito. Esta rotura e esgazamento traduciuse en bloqueos de estradas, pistas e camiños, rotura de árbores novas, rotura de polas de folla caduca nas beiras dos ríos e nos espazos onde reina o castiñeiro a perda case total da colleita.

As consecuencias son aínda "incomprensiblemente" visibles. A día de hoxe os camiños de terra non se tocaron, as estradas locais e provinciais están afectadas, os ríos e regatos teñen demasiadas pólas que poden levar a tapoamentos e obstrucións cando o caudal aumente, o Camiño de Santiago está interrompido en varios tramos...

Pero o máis salientable é a desfeita nos carballos, castiñeiros e demais caducifolias que será preciso tratar con podas axeitadas e repoñer con exemplares adecuados. Non se trata de regalar plantas senón de deseñar unha acción de restauración debidamente planificada.

131065

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40329
Data envio: 15/11/2018 14:08:09.604

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Ten feita o goberno galego unha estimación de danos ocasionados pola nevarada deste outono na montaña de Lugo?

- Vai establecer algunha liña de axudas para paliar os danos ou algún plan de restauración na arboreda caducifolia afectada especialmente en carballos, castiñeiros e froiteiras?

- Ten pensada algunha iniciativa para que se acometa a limpeza de ríos e regatos das zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

131066

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40329
Data envio: 15/11/2018 14:08:09.604

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 14:07:04

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 14:07:10

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 14:07:12

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 14:07:13

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 14:07:16

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 14:07:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40344
Data envio: 15/11/2018 17:01:39.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás queixas presentadas por pais e nais de nen@s ingresad@s en oncoloxía pediátrica do CHUS polas deficiencias existentes no servizo.

Pais e nais de nen@s ingresad@s na área de Oncoloxía pediátrica do CHUS veñen de presentar diversas queixas pola situación na que se atopa o servizo, que van desde o mantemento do material, a limpeza, a insuficiencia de habitacións en xeral e de illamento en particular o que supón un gravísimo risco para a saúde d@s nen@s en especial @s inmunodepremid@s.

Denuncian que o material está estragado e non se repón, hai camas nas que dá o sol directo e nas ventás non se pode regular a luz, mandos eléctricos das camas que non traballan, colchóns rompidos, buratos nas duchas, papel das paredes despegado, mesas de apoio esnaquizadas e oxidadas, cadeiras-sofá rompidas, armarios cotrosos, roupa da cama con buratos e remendos, árbores de medicamentos que non andan, unha pesa única para todas as habitacións…).Incluso denuncian que teñen que traer os núcleos de enchufes para ter suficientes conexións para as máquinas dos tratamento d@s seus fill@s, limpeza deficiente.

131068

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40344
Data envio: 15/11/2018 17:01:39.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Engaden a inexistencia de ningún espazo común específico para oncoloxía pediátrica, a que en principio sería a zona destinada a este fin está dedicada a Infantosiquiatría, moi importante tendo en conta que na maioría dos casos os ingresos son moi longos.

Outra das denuncias ten a ver cos controis nas Consultas externas, que supoñen un martirio: o tempo de espera é sempre dunhas tres horas de media porque citan a tod@s @s nen@s para a mesma hora. A sala de espera é insuficiente e mal dotada, só unha cadeira de adultos e literalmente non se colle. Tras facer a analítica, non se lles facilita almorzo nunha zona apropiada para nen@s inmunodepremid@s, teñen que ir a almorzar á cafetería do hospital, co risco que isto supón, xa que non é un espazo seguro que sería imprescindíbel para evitar contaxios. A todo isto hai que engadir as moitas dificultades e o prezo do aparcamento.

A denuncia máis grave é a referida á insuficiencia de habitacións para ingresos de inmunodepremid@s. Denuncian que só existen catro habitacións de illamento cotadas como tales. Que é habitual que cheguen nen@s sen defensas e que teñan que estar esperando horas na sala de curas ou na Aula Andrea, que o illamento se faga en habitacións normais que non contan coa presión de aire positiva necesaria para este tipo de pacientes inmunodepremid@s., a convivencia na área de oncoloxía con habitacións de escolares, co risco que isto supón, arrefriados, constipados ou calquera outro virus, ou que moi frecuentemente @s nen@s de oncoloxía ubícanos en habitacións de escolares, o que supón un trato desigual, xa que estas habitacións non teñen os mesmos servizos e tampouco levan unha limpeza a maiores. A situación chegou a tal gravidade que hai uns días o alicatado do baño dunha habitación na que estaban nen@s en illamento veuse abaixo podendo causar unha desgraza,e procedeuse á súa reparación sen sacar ao neno da habitación que

131069

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40344
Data envio: 15/11/2018 17:01:39.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comparte entrada con esta, con todo o que supón a obra de po e entrada e saída con materiais de construción.

Denuncian que as carencias e irregularidades moi graves que se acaban de relatar só se van superando polo bo facer do persoal.

Ao Bloque Nacionalista Galego parécelle moi grave a situación que veñen de denunciar nun servizo cunha patoloxía tan sensíbel como é a oncolóxica en xeral e máis cando se trata de nen@s o que debería requirir extremar tanto os coidados como a atención que reciben, e todo indica que non está a acontecer.

É urxente solucionar a situación e por esta razón presentamos a seguinte interpelación:

-Que medidas vai tomar o Goberno galego para rematar co déficit existente na oncoloxía pediátrica?

-É coñecedor o Goberno galego da situación que veñen de denunciar pais e nais en oncoloxía pediátrica do CHUS?

-Que actuacións vai realizar para solucionalas?

-Considera que un/unha nen@ doente de cancro, inmunodeprimid@ coas súas defensas baixo mínimos, pode estar ingresad@ nunha habitación das destinadas a escolares sen todas as condicións que deben ter as de illamento?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40344
Data envio: 15/11/2018 17:01:39.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que un/unha nen@ doente de cancro, inmunodeprimid@ pode estar agardando durante horas a ser ingresado nunha sala, na sala de curas ou no control de enfermería por falta de habitación?

-Quen é o responsábel de que se procedera á reparación do alicatado do baño dunha habitación que se veu abaixo, que comparte entrada con outra na que sigue un neno en illamento, con todo o que supón a obra de po e entrada e saída con materiais de construción?

-Parécelle que as condicións nas que @s nen@s,e @s seus pais e nais, que teñen que acudir ás consultas de control oncolóxico, son axeitadas para a súa patoloxía?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 40344
Data envio: 15/11/2018 17:01:39.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 16:51:21

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 16:51:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 16:51:27

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 16:51:28

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 16:51:29

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 16:51:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:41
Nº Rexistro: 40351
Data envio: 15/11/2018 17:41:34.972

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal e Manuel Lago Peñas, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN, relativa ás consecuencias para o emprego industrial e a industria galega do automóbil do ERTE plantexado pola empresa PSA-Citroën en Vigo

A dirección de PSA-Citroën de Vigo propuxo fai uns días aos sindicatos os puntos chaves do expediente de regulación de emprego temporal (ERTE) que aplicaría a inicios de 2019 para facer fronte á baixa demanda de algúns modelos que se fabrican nesta planta.

Plantéxanse dúas posibilidades: ERE temporal de 100 días para 800 traballadores ou ben suprimir unha das dúas quendas da liña 1, onde se fabrican Peugeot 301 e Citroën C-Elysee – os afectados pola baixa demanda- e entón o ERTE sería de 50 días e para 400 operarios.

Consideramos que habería que buscar alternativas para minimizar o impacto do ERTE, tendo en conta que os traballadores da Liña 1, levan sendo penalizados desde setembro deste ano, coa sucesión de días de parada motivados pola baixa demanda dos modelos que fabrica.

Consideramos tamén que o ERTE non pode ser a única alternativa a esta situación tendo en conta que na factoría hai 2.100 traballadores eventuais e de subcontratas. Hai que buscar solucións antes que mandar á xente para a casa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:41
Nº Rexistro: 40351
Data envio: 15/11/2018 17:41:34.972

Por iso unha posible alternativa sería repartir a carga de traballo, e non a precariedade, entre as dúas liñas de produción da factoría tomando como exemplo aquela na que se trasladou parte da produción de furgonetas á Liña 1 de produción. Isto implicaría investimentos para adecuar a plataforma da Liña 1, investimentos que a empresa parece non querer facer, optando pola vía máis fácil e prexudicial para os traballadores como é o ERTE.

Ante esta situación consideramos que a Xunta de Galicia ten que intervir e colaborar para chegar á mellor solución a este problema, co menor prexuízo posible para as e os traballadores.

Polo exposto, En Marea presenta a seguinte **Interpelación**:

1.- Pensa a Xunta de Galicia intervir na negociación do ERTE de PSA-Citroën para chegar a unha solución cos menores prexuízos posibles para ás e os traballadores?

2.- Ten a Xunta de Galicia desenvolto algún estudo para tomar posición de Goberno sobre as mellores posibilidades, dende o punto de vista laboral, para dar solución a estes problemas puntuais da factoría?

3.- Ten previsto a Xunta de Galicia instar a PSA-Citroën a facer as inversións necesarias para dar máis flexibilidade a Liña 1 de produción da factoría para así poder xestionar mellor as variacións do mercado nalgúns modelos?

4.- Avaliou a Xunta de Galicia a posible incidencia deste ERTE sobre as empresas auxiliares de PSA-Citroën en Galicia?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 17:41
Nº Rexistro: 40351
Data envio: 15/11/2018 17:41:34.972

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/11/2018 17:38:09

José Manuel Lago Peñas na data 15/11/2018 17:38:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40362
Data envio: 15/11/2018 18:18:07.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao incremento das contías económicas e do público albo das axudas periódicas.

O día 7 de agosto de 2007 publicábase no Diario Oficial de Galiza o texto da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, unha lei pioneira que saíu adiante grazas ao necesario debate e consenso político arredor dun problema que debe ser central na sociedade nas institucións políticas, a violencia machista. Nesta recollíanse un amplo abano de "*medidas conducentes a coordinar e planificar os recursos necesarios a través dunha correcta rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda.*" que foron evoluíndo durante estes anos, nos que o movemento feminista conseguiu dar meirande visibilidade e importancia a esta cuestión.

Este texto legal recolle no seu *Artigo 3.-Formas de violencia de xénero*, no apartado c) a Violencia económica descrita da seguinte maneira "*que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.*" Así

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40362
Data envio: 15/11/2018 18:18:07.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesmo, nos principios xerais que rexen a lei recóllese que "*As administracións públicas procurarán en todo momento que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica a través dos recursos axeitados.*" como un dos elementos centrais para saír da espiral de violencia e para evitar a revitimización. Así mesmo, incluíase na citada lei o artigo 35, no que se prevían medidas "*Co fin de favorecer a integración sociolaboral das mulleres que sofren violencia de xénero*" prevendo para tal efecto, entre outras, axudas económicas nos cursos de formación ocupacional.

Estas cuestións dan idea da importancia que ten todo o referido ao aspecto económico para abordar o tratamento integral e efectivo da violencia machista. Máis aínda, tendo en conta a discriminación estrutural da muller no ámbito laboral, é menester arbitrar medidas que garantan a autonomía económica das vítimas, como aspecto imprescindíbel para superaren esta violencia.

Como ferramenta para intervir neste ámbito, no *Capítulo V* recóllense *Medidas de carácter económico* e a lei, no seu texto orixinal, recollía no Artigo 39 o seguinte:

Artigo 39.-Prestacións periódicas.

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, establecerá unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e a tentar axudarlle a romper coa situación de violencia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40362
Data envio: 15/11/2018 18:18:07.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Esta prestación aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas no artigo 5 desta lei, e será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

Despois de ser aprobada esta lei, os diversos gobernos galegos foron poñendo en práctica esta axuda. Andado o tempo fixéronse evidentes eivas na súa aplicación que era preciso corrixir, a comezar pola súa disponibilidade todo o ano. É por iso que, varios anos despois da aprobación desta lei, froito da evolución da maduración que supuxo a súa posta en práctica e dun profundo debate arredor da cuestión, o Parlamento Galego impulsou, por unanimidade e a iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, unha modificación para estender a cobertura destas axudas a todo o ano e a elaboración dunhas bases reguladoras en consonancia, quedando o artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia.

131078

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40362
Data envio: 15/11/2018 18:18:07.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Xunta de Galicia regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas das formas de violencia de xénero sinaladas nas alíneas a), Violencia física, b), Violencia psicolóxica, e f), Trata de mulleres e nenas, do artigo 3.»

No ano 2017 no Pleno do Parlamento Galego aprobouse unha moción impulsada polo Bloque Nacionalista Galego que recollía entre outras medidas o incremento dos recursos económicos destinados ás vítimas. Para este ano e o presente, a Xunta de Galiza aumentaba os recursos destinados ás partidas correspondentes, mais sen supoñer un aumento das contías a percibir polas vítimas.

No ano 2018, cunha maior capacidade orzamentaria e cunha esixencia social de meirande compromiso contra a violencia machista e a prol da igualdade, visibilizada no histórico 8 de marzo de 2018, o Bloque Nacionalista Galego entende que é hora de dar un paso máis. Máis dunha década despois da aplicación da lei de 2007 e despois dos consensos acadados no 2016, entendemos que cómpre fixar un aumento para as contías destinadas, cando menos, ás axudas periódicas para as vítimas de violencia de xénero. Un paso perfectamente posíbel do punto de vista orzamentario e absolutamente necesario do punto social. Un paso adiante que debe garantir maior independencia económica a estas mulleres e ser a panca de impulso para abrir tamén o debate sobre a necesidade de aumento doutro tipo de axudas e medidas económicas emanadas ao abeiro da lexislación en materia de violencia machista.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40362
Data envio: 15/11/2018 18:18:07.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos, proponse a modificación do artigo 4 das bases reguladoras contempladas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral daviolencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo para incluír: unha suba lineal das contías a percibir de, cando menos, o 30% así como a creación dun novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda ≥ 1,5 veces IPREM e ≤ 2 veces IPREM como punto de partida, engadindo as situacións xa recollidas nas bases reguladoras (menores a cargo, discapacidade e dependencia) e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Como valora o goberno galego o seu desenvolvemento do Capítulo V da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero?

-Como valora o goberno galego o seu desenvolvemento dos aspectos modificados pola Lei 12/2016, do 22 de xullo?

-Considera o goberno galego que é o momento de aumentar as contías destinadas ás mulleres vítimas de violencia machista que empregan o recurso da axuda periódica?

-Ten avaliado as posibilidades de incremento destas axudas?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40362
Data envio: 15/11/2018 18:18:07.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-E das súas destinatarias? De que forma?

-Considera que é suficiente o compromiso orzamentario do goberno galego?

-Como valora as modificacións orzamentarias que ten desenvolvido a respecto dos programas de violencia e igualdade?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 18:17:17

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 18:17:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40362
Data envio: 15/11/2018 18:18:07.495

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 18:17:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 18:17:26

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 18:17:27

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 18:17:29

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727